



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XI lexislatura  
Número 305  
7 de abril de 2022



## SUMARIO

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.1. Procedementos de natureza normativa

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.1.2.1.2. Proposicións de lei

#### Rexeitamento da toma en consideración

##### I 29919 (11/PPL-000009)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei para a mellora da asistencia primaria no Sistema público de saúde de Galicia

[121042](#)

#### 1.3. Procedementos de control e impulso

##### 1.3.5. Mocións

##### 1.3.5.4. Mocións tramitadas

#### Rexeitamento da iniciativa

##### I 32939 (11/MOC-000091)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme

Sobre a promoción de fábricas de compoñentes para a automoción (Moción consecuencia da interpelación doc. núm 31413, publicada no BOPG núm. 293, do 17 de marzo de 2022, e debatida na sesión plenaria do 22 de marzo de 2022)

[121042](#)

##### I 32940 (11/MOC-000092)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre a política da Consellería de Política Social respecto do sector das residencias de maiores (Moción consecuencia da interpelación doc. núm. 31431, publicada no BOPG núm. 289, do 9 de marzo de 2022, e debatida na sesión plenaria do 22 de marzo de 2022)

[121042](#)

##### I 32941 (11/MOC-000093)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre o incremento dos prezos e o seu impacto na economía e nos fogares (Moción consecuencia da interpelación doc. núm. 30608, publicada no BOPG núm. 282, do 24 de febreiro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 22 de marzo de 2022)

[121043](#)

##### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

##### 1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

#### Aprobación con modificacións

##### I 30969 (11/PNP-002681)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



**Amigo Díaz, María Encarnación e catorce deputados/as máis**

Sobre a extensión por parte da Xunta de Galicia do protocolo de xestión integral da demanda en equipo (XIDE) a todos os centros de atención primaria [121043](#)

**I 32195 (11/PNP-002777)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da posta en marcha de determinadas medidas urxentes para minimizar as consecuencias socioeconómicas da invasión de Ucraína nas empresas e nos cidadáns, así como sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia de medidas propias no ámbito das súas competencias [121043](#)

**Rexeitamento da iniciativa****I 30782 (11/PNP-002660)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da elaboración dun plan de axudas ao pequeno comercio no rural [121046](#)

**I 32136 (11/PNP-002771)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e trece deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facer fronte ás consecuencias da crise económica derivada do conflito en Ucraína [121047](#)

**I 32231 (11/PNP-002782)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas peaxes das autovías AG-55 e AG-57 [121047](#)

**I 32312 (11/PNP-002789)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da elaboración dun plan estratéxico sobre o desenvolvemento da vivenda protexida dos polígonos 1, 2 e 3 de Navia, en Vigo [121047](#)

**1.3.7. Outras propostas de resolución e acordos****1.3.7.1. Declaracións institucionais**

I Declaración institucional do Parlamento de Galicia con motivo do Día Internacional do Pobo Xitano [121047](#)



## 1.4. Procedementos de información

### 1.4.5. Respostas a preguntas

#### I 32975 - 13537 (11/PRE-003377)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da elaboración e implementación, antes do verán de 2021, dun plan de rescate específico para os servizos das festas patronais [121059](#)

#### I 33108 - 9059 (11/PRE-004300)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación do actual modelo de centros residenciais para persoas maiores co fin de garantir o dereito a unha vellez digna [121061](#)

#### I 33182 - 9884 (11/PRE-004449)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre o traslado de persoas maiores afectadas pola covid-19 á residencia privada Os Gozos, da Fundación San Rosendo [121064](#)

#### I 33107 - 11084 (11/PRE-004558)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre a situación do proxecto de conexión do porto seco de Monforte coa estrada N-120 [121067](#)

#### I 33106 - 17394 (11/PRE-005177)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para axudar aos produtores de viño afectados pola tormenta de sarabia en Chantada [121070](#)

#### I 33109 - 7615 (11/PRE-005394)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as supresións dos mercados locais e sector de proximidade alegando falta de seguridade sanitaria [121073](#)

#### I 33181 - 10890 (11/PRE-005985)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa presenza, xestión e danos que causa o lobo en Galicia, así como coa súa inclusión na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial [121076](#)

#### I 32976 - 13536 (11/PRE-006220)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



**Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da elaboración e implementación, antes do verán de 2021, dun plan de rescate específico para os servizos das festas patronais [121078](#)

**I 32963 - 19160 (11/PRE-006683)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 4 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da apertura dunha liña de axudas para a hostalaría das comarcas afectadas polas últimas restricións [121080](#)

**I 32960 - 19373 (11/PRE-006689)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da apertura dunha liña de axudas para a hostalaría, especialmente para o sector do ocio nocturno [121084](#)

**I 32958 - 20766 (11/PRE-006809)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de elaborar un plan de reactivación da hostalaría [121088](#)

**I 32986 - 20913 (11/PRE-006821)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 4 máis

Sobre o turismo de autocaravana no concello de Ourense [121092](#)

**I 32984 - 24881 (11/PRE-007186)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre os prexuízos provocados polas obras de acondicionamento da Vía da Prata na parroquia de Torneiros, en Allariz [121095](#)

**I 32983 - 26293 (11/PRE-007333)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para facer os traballos de mantemento no tramo do Camiño de Santiago ao seu paso por Sanguñeda, no concello de Mos [121098](#)

**I 32991 - 18212 (11/PRE-007401)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre o prazo previsto para facer accesibles os albergues da rede pública da Xunta de Galicia para as persoas en cadeira de rodas [121101](#)

**I 32989 - 18214 (11/PRE-007402)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



**Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación do Concello de Vilaboa cunha partida orzamentaria para mellorar a afluencia do turismo á súa vila [121104](#)

**I 32974 - 18252 (11/PRE-007414)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

**Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da materialización das axudas anunciadas polo vicepresidente primeiro para a cobertura do custo dos seguros exixidos ás axencias de viaxes [121107](#)

**I 32988 - 18260 (11/PRE-007417)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

**Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun plan estratéxico termal para cada unha das catro provincias de Galicia [121110](#)

**I 32970 - 18264 (11/PRE-007418)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

**Gallego Sanromán, María Leticia e 4 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun novo plan estratéxico termal para Ourense [121113](#)

**I 32964 - 19158 (11/PRE-007669)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

**Torrado Quintela, Julio e 4 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da apertura dunha liña de axudas para a hostalaría das comarcas afectadas polas últimas restricións [121116](#)

**I 33180 - 19052 (11/PRE-007684)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

**Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da ampliación do instituo de educación secundaria Pedras Rubias, no concello de Salceda de Caselas, e a implantación nel dos estudos postobrigatorios [121120](#)

**I 32962 - 19371 (11/PRE-007698)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

**Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da apertura dunha liña de axudas para a hostalaría, especialmente para o sector do ocio nocturno [121123](#)

**I 32959 - 20764 (11/PRE-008186)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

**Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de elaborar un plan de reactivación da hostalaría [121127](#)



**I 33004 - 20911 (11/PRE-008200)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 4 máis**

Sobre o turismo de autocaravana no concello de Ourense

[121131](#)**I 33176 - 24163 (11/PRE-008467)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e González Iglesias, María do Carme**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para o desenvolvemento da vivenda protexida en Navia, no concello de Vigo

[121134](#)**I 33105 - 24429 (11/PRE-008493)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**

Sobre o orzamento e os proxectos aprobados en 2021 pola Consellería do Mar para a protección e a recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños

[121136](#)**I 33183 - 25887 (11/PRE-008639)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para catalogar os concellos que casen coa definición de territorio despoboado e susceptibles de recibir axudas para captar poboación

[121139](#)**I 32990 - 18213 (11/PRE-008758)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis**

Sobre o prazo e o orzamento previstos para dotar de accesibilidade os albergues da rede pública da Xunta de Galicia para as persoas en cadeira de rodas

[121141](#)**I 33006 - 18215 (11/PRE-008759)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación do Concello de Vilaboa cunha partida orzamentaria para mellorar a afluencia do turismo á súa vila, así como sobre a limpeza e a mellora da sinalización do Camiño de Santiago Portugués ao seu paso pola vila

[121144](#)**I 32973 - 18253 (11/PRE-008784)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da materialización das axudas anunciadas polo vicepresidente primeiro para a cobertura do custo dos seguros exixidos ás axencias de viaxes

[121147](#)**I 32971 - 18261 (11/PRE-008788)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun plan estratéxico termal para cada unha das catro provincias de Galicia [121150](#)

**I 32969 - 18265 (11/PRE-008791)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun novo plan estratéxico termal para Ourense [121153](#)

**I 32968 - 18321 (11/PRE-008823)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da elaboración e da implementación, antes do verán de 2021, dun plan de rescate específico para os servizos das festas patronais [121156](#)

**I 32967 - 18524 (11/PRE-008905)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre as medidas urxentes de apoio ao sector da hostalaría adoptadas para tratar de paliar os efectos da pandemia da covid-19 [121158](#)

**I 32966 - 18545 (11/PRE-008920)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a recuperación da hostalaría e das actividades relacionadas co turismo e para consensuar actuacións económico-sociais cunha representación ampla e plural das diferentes ramas de actividade do sector [121162](#)

**I 32965 - 18624 (11/PRE-008941)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e 2 máis

Sobre a adopción por parte do Goberno galego, a teor do recrutamento dos efectos da covid-19, de novas medidas de axuda directa no sector da hostalaría [121166](#)

**I 33005 - 19027 (11/PRE-009159)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a actuación do Goberno da Xunta para impulsar un proxecto de recuperación da memoria democrática das mulleres galegas co fin de as visibilizar e recoñecer a represión que sufriron e o papel vertebrador que tiveron na loita pola democracia e a autonomía galega [121170](#)

**I 33179 - 19159 (11/PRE-009235)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 4 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto dea apertura dunha liña de axudas para a hostalaría das comarcas afectadas polas últimas restricións [121173](#)



**I 32961 - 19372 (11/PRE-009340)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da apertura dunha liña de axudas para a hostalaría, especialmente para o sector do ocio nocturno [121177](#)

**I 32987 - 20765 (11/PRE-009530)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de elaborar un plan de reactivación da hostalaría [121181](#)

**I 33178 - 20816 (11/PRE-009534)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre os incumprimentos na prestación de servizos do Centro de Día Interxeracional da Farixa, en Ourense, e a supervisión e inspección del por parte da Xunta de Galicia [121185](#)

**I 33008 - 20909 (11/PRE-009545)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 4 máis**

Sobre o turismo de autocaravana no concello de Ourense [121189](#)

**I 33177 - 22988 (11/PRE-009711)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre os futuros usos do Hospital Provincial de Pontevedra [121192](#)

**I 33007 - 23793 (11/PRE-009790)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis**

Sobre a ampliación e a reforma da nave de redeiras de Cangas [121194](#)

**I 32985 - 24880 (11/PRE-009881)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre os prexuízos provocados polas obras de acondicionamento da Vía da Prata na parroquia de Torneiros, en Allariz [121197](#)

**I 33104 - 29049 (11/PRE-010136)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre as previsións de Augas de Galicia respecto da tramitación do expediente de modificación da concesión dunha nova captación de auga no concello de Noia [121200](#)

**I 33103 - 30468 (11/PRE-010239)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a necesidade de resolver o problema dos asolagamentos do núcleo urbano de Sada

[121202](#)

**I 33102 - 31001 (11/PRE-010298)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Presas Bergantiños, Noa e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para retomar a xestión pública directa do Centro de Menores de Montealegre, en Ourense

[121204](#)

**I 33101 - 31019 (11/PRE-010300)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre o compromiso por parte da Xunta de Galicia para que o centro terapéutico ocupacional de Ourense sexa exclusivamente de xestión pública e directa e as razóns da demora da súa construción

[121208](#)

**I 33100 - 31247 (11/PRE-010313)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Francisco Rivera, Juan Carlos e 2 máis**

Sobre a execución da conexión do eixo de comunicación A 52, fronteira de Portugal

[121212](#)

**1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos****1.5.4. De ámbito europeo****1.5.4.1. Unión Europea**

Resolución da Presidencia, do 4 de abril de 2022, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta do principio de subsidiariedade relativa a Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 909/2014 no relativo á disciplina de liquidación, a prestación transfronteiriza de servizos, a cooperación en materia de supervisión, a prestación de servizos auxiliares de tipo bancario e os requisitos aplicables aos depositarios centrais de valores de terceiros países (Texto pertinente a efectos do EEE) [ COM(2022) 120 final] [2022/0074 ( COD)] { SEC(2022) 160 final} { SWD(2022) 75 final} { SWD(2022) 76 final}

-11/UECS-000180 (33319) Consulta do principio de subsidiariedade relativa a Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 909/2014 no relativo á disciplina de liquidación, a prestación transfronteiriza de servizos, a cooperación en materia de supervisión, a prestación de servizos auxiliares de tipo bancario e os requisitos aplicables aos depositarios centrais de valores de terceiros países (Texto pertinente a efectos do EEE) [ COM(2022) 120 final] [2022/0074 ( COD)] { SEC(2022) 160 final} { SWD(2022) 75 final} { SWD(2022) 76 final}

[121215](#)

Resolución da Presidencia, do 4 de abril de 2022, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican o Regulamento (UE) 2017/1938 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre medidas para garantir



a seguridade da subministración de gas, e o Regulamento (CE) nº 715/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as condicións de acceso ás redes de transporte de gas natural (Texto pertinente a efectos do EEE) [ COM(2022) 135 final] [ COM(2022) 135 final anexo] [2022/0090 ( COD)]

-11/UECS-000181 (33320) Consulta do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican o Regulamento (UE) 2017/1938 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre medidas para garantir a seguridade da subministración de gas, e o Regulamento (CE) nº 715/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as condicións de acceso ás redes de transporte de gas natural (Texto pertinente a efectos do EEE) [ COM(2022) 135 final] [ COM(2022) 135 final anexo] [2022/0090 ( COD)] [121289](#)

## **2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento**

### **2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos**

#### **2.2.1. Composición do Pleno**

■ Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do día 6 de abril de 2022, polo que se acepta a renuncia á condición de deputado de Juan Carlos Francisco Rivera e se declara vacante o seu escano pola circunscrición electoral de Ourense na lista do Partido dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 33306; 11/RCDE-000017) [121057](#)



O Pleno do Parlamento, na sesión do 4 de abril de 2022, adoptou os seguintes acordos:

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.1.2.1.2. Proposicións de lei

#### Rexeitamento da toma en consideración

- 29919 (11/PPL-000009)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei para a mellora da asistencia primaria no Sistema público de saúde de Galicia

BOPG nº 273, do 08.02.2022

Sométese a votación e obtense o resultado de 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención, polo que non se toma en consideración.

### 1.3. Procedementos de control e impulso

#### 1.3.5. Mocións

##### 1.3.5.4. Mocións tramitadas

#### Rexeitamento da iniciativa

- 32939 (11/MOC-000091)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme

Sobre a promoción de fábricas de compoñentes para a automoción (Moción consecuencia da interpelación doc. núm 31413, publicada no BOPG núm. 293, do 17 de marzo de 2022, e debatida na sesión plenaria do 22 de marzo de 2022)

BOPG nº 300, do 30.03.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.

- 32940 (11/MOC-000092)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre a política da Consellería de Política Social respecto do sector das residencias de maiores (Moción consecuencia da interpelación doc. núm. 31431, publicada no BOPG núm. 289, do 9 de marzo de 2022, e debatida na sesión plenaria do 22 de marzo de 2022)

BOPG nº 300, do 30.03.2022

Sométese a votación por puntos co seguinte resultado:

Punto 4: rexeitado por 13 votos a favor, 60 votos en contra e ningunha abstención.



Puntos restantes: rexeitados por 32 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.

- 32941 (11/MOC-000093)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre o incremento dos presos e o seu impacto na economía e nos fogares (Moción consecuencia da interpelación doc. núm. 30608, publicada no BOPG núm. 282, do 24 de febreiro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 22 de marzo de 2022)

BOPG nº 300, do 30.03.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.

### **1.3.6. Proposicións non de lei**

#### **1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno**

##### **1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas**

#### **Aprobación con modificacións**

- 30969 (11/PNP-002681)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e catorce deputados/as máis

Sobre a extensión por parte da Xunta de Galicia do protocolo de xestión integral da demanda en equipo (XIDE) a todos os centros de atención primaria

BOPG nº 281, do 23.02.2022

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, por 54 votos a favor, ningún voto en contra e 19 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º. Estender a todos os centros de atención primaria de Galicia, ao longo do ano 2022, o protocolo de xestión integral da demanda en equipo (XIDE) no que se dirixen as consultas de xeito directo ao profesional máis axeitado á necesidade do paciente, garantindo así a súa atención en tempos de resposta determinados segundo sexa a necesidade da consulta inmediata, no día ou ordinaria

2º. Ofrecer á poboación, a través da publicación periódica dos datos, información sobre a dispoñibilidade de profesionais de todas as categorías involucradas na atención primaria, desagregada por área ou distritos sanitarios, e comprometer a maior contratación posible dos profesionais necesarios e dispoñibles para optimizar o funcionamento dos centros de atención primaria no marco do que establecen as leis de orzamentos galega e estatal.»

- 32195 (11/PNP-002777)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da posta en marcha de determinadas medidas urxentes para minimizar as consecuencias socioeconómicas da invasión de Ucraína nas empresas e nos cidadáns, así como sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia de medidas propias no ámbito das súas competencias

BOPG nº 292, do 16.03.2022

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, por 41 votos a favor, ningún voto en contra e 32 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España que faga efectivo o compromiso asumido na declaración pactada na Conferencia de Presidentes celebrada este domingo, 13 de marzo de 2022, e poña en marcha as medidas urxentes necesarias para minimizar as consecuencias socioeconómicas nas empresas e nos cidadáns tras a invasión de Ucraína e, entre elas, as seguintes:

1. Baixada dos impostos que gravan a electricidade, o gas, a gasolina e o gasóleo. En particular:

a) Reducir o imposto especial aos hidrocarburos recollido no artigo 50 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, aos niveis mínimos de imposición aplicables aos carburantes, apuntados no anexo I da Directiva 2003/96/CE do Consello do 27 de outubro de 2003, de maneira provisional e en tanto persista a excepcional situación de prezos.

b) Aplicar un tipo impositivo superreducido do 4 % do IVE á subministración de gas natural.

c) Instar a Comisión Europea á modificación da Directiva 2006/112/CE do Consello, do 28 de novembro de 2006, relativa ao sistema común do imposto sobre o valor engadido, para que considere a aplicación dun tipo impositivo reducido aos carburantes de automoción, así como a suspensión dos tipos mínimos do imposto especial de hidrocarburos establecidos na 2003/96/CE do Consello, do 27 de outubro de 2003, de maneira provisional e en tanto persista a excepcional situación de prezos.

d) Estender as medidas fiscais adoptadas polo Goberno para mitigar a escalada da factura eléctrica ata o 31 de decembro de 2022 e incrementar a redución temporal do IVE para que pase do actual 10 % ao 4 %.

e) Xerar, para o sector marítimo-pesqueiro, medidas de análogo impacto ou obxectivo que as reducións impositivas demandadas para o gasóleo e gasolina, ademais de demandar unha oposición firme e contundente contra as propostas de eliminación das bonificacións dos combustibles dos buques pesqueiros promovidas no marco da Unión Europea e da Organización Mundial do Comercio.

2. Medidas específicas para os sectores máis afectados: transporte, industrias electrointensivas, pesca, agrogandaría e turismo, incluída a exención temporal das cotizacións á Seguridade Social para alixear a carga que están a padecer estes sectores.



3. Rectificar a política enerxética abrupta que se vén levando a cabo e apostar por unha transición planificada, proporcional e xusta.
4. Reverter o incremento xeneralizado de impostos, descartando a implantación de peaxes nas autovías que suporían novas cargas para as familias e os sectores produtivos esenciais.
5. Impulsar un plan nacional de produtos estratéxicos para garantir a subministración de produtos básicos á poboación e no que se priorice a produción no mercado interior para afondar de maneira máis ordenada posible a carencia de materias primas e compoñentes.
6. Intensificar a flexibilización da normativa de contratación pública vixente, axilizando os procesos de contratación levados a cabo polas administracións públicas evitando trabas e custos desproporcionados.
7. Aplicar unha cogobernanza real dos fondos de recuperación *Next Generation* coas comunidades autónomas e axilizar a súa execución mediante criterios de selección xustos e transparentes, dando prioridade ao impulso de PERTE que se axusten ás necesidades dos sectores claves para Galicia e a súa posta disposición do tecido produtivo.
8. Aplicar as modificacións dos créditos orzamentarios dos Orzamentos Xerais do Estado para 2022 que resulten necesarias para reducir gasto improdutivo.
9. Aplicar unha flexibilización temporal das medidas normativas de limitación de importación de materias primas para o sector transformador de produtos do mar (principalmente aceites).
10. Demandar da Unión Europea unha ampliación da flexibilidade interanual das cotas de pesca mediante a realización da distribución de TAC e cotas cara ao ano 2023 ou de adianto das posibilidades de pesca do próximo ano, atendendo á situación de escaso consumo ou caída de capturas e descargas durante este episodio de carestía de combustible.

Así mesmo, o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a analizar, xunto cos sectores máis afectados polas consecuencias da invasión de Ucraína (transporte, industrias electrointensivas, pesca, agrogandaría, turismo...) e en coordinación coas políticas que para o efecto se impulsen pola Unión Europea e polo Goberno de España, a poñer en marcha aquelas medidas necesarias, no ámbito das súas competencias, coa finalidade de mitigar a situación pola que atravesan os mencionados sectores. En particular, impulsar e executar as medidas incluídas no plan de choque elaborado pola Xunta de Galicia, en concreto:

1. Activar o bono social térmico para axudar os fogares en situación de vulnerabilidade a afrontar os gastos de calefacción, auga quente e cociña, o do complemento autonómico de 100 euros aprobado no Consello do pasado xoves, 30 de marzo.
2. Reforzar as medidas activas no plan de aforro enerxético para as familias, solicitando ao Goberno fondos para duplicar o impulso do autoconsumo eléctrico e as renovables térmicas nos fogares galegos (calefacción e auga quente).
3. Ampliar o programa Renove Automoción para seguir fomentando a compra de vehículos eficientes.



4. Axudar a pequenas e medianas empresas, cunha nova liña de avais de IGAPE-SGR destinada a cubrir as necesidades de liquidez, e a realizar investimentos en elementos produtivos que axuden a facer fronte á actual situación.
5. Desenvolver un programa de préstamos directos do IGAPE para a industria manufactureira que está a sufrir un maior impacto, así como habilitar os mecanismos necesarios para flexibilizar a devolución dos préstamos e avais directos da Xunta.
6. Activar o Bono Enerxía PEME, dirixido a comercios, hostalaría e pequenas e medianas empresas para equipos que reduzan o consumo enerxético.
7. Activar o bono turístico como efecto dinamizador do consumo interno e axilizar as axudas para a dixitalización e eficiencia enerxética neste ámbito.
8. Inxección extraordinaria para blindar o transporte público por estrada fronte á subida dos carburantes. E traballar na extensión deste compromiso ao sector do transporte sanitario urxente e non urxente, sociosanitario, educativo.
9. Inxectar liquidez ao sector gandeiro pola vía do financiamento de circulante (avais, subsidios de tipo de xuro,...) e do anticipo de axudas da PAC.
10. Crear o Observatorio da cadea alimentaria galega como organismo emisor de informes sobre a situación económica dos diferentes ámbitos do sector primario galego,
11. Crear a Axencia de Información e Control Alimentario de Galicia para dar cumprimento ás obrigas da Lei da cadea alimentaria, singularmente a prohibición da venda a perdas.
12. Poñer en marcha o Observatorio lácteo, onde se escenificará a relación entre os elos desta cadea de valor.
13. Activar as medidas económico-administrativas que sirvan como compensación aos profesionais do mar mediante o pago de dous meses das taxas portuarias que atinxen a esta actividade.
14. Inxectar liquidez no sector do mar mediante a axilización do aboamento de axudas concedidas, de forma análoga á liña de xestión realizada durante a pandemia provocada pola covid-19.»

### **Rexeitamento da iniciativa**

- 30782 (11/PNP-002660)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da elaboración dun plan de axudas ao pequeno comercio no rural

BOPG nº 281, do 23.02.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.



- 32136 (11/PNP-002771)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e trece deputados/as máis

Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facer fronte ás consecuencias da crise económica derivada do conflito en Ucraína

BOPG nº 296, do 23.03.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.

- 32231 (11/PNP-002782)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas peaxes das autovías AG-55 e AG-57

BOPG nº 296, do 23.03.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.

- 32312 (11/PNP-002789)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da elaboración dun plan estratéxico sobre o desenvolvemento da vivenda protexida dos polígonos 1, 2 e 3 de Navia, en Vigo

BOPG nº 296, do 23.03.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

### 1.3.7. Outras propostas de resolución e acordos

#### 1.3.7.1. Declaracións institucionais

O Pleno do Parlamento, na sesión do 5 de abril de 2022, adoptou o seguinte acordo:

Declaración institucional do Parlamento de Galicia con motivo do Día Internacional do Pobo Xitano

«Celebramos, un ano máis, o 8 de abril, Día Internacional do Pobo Xitano. Unha celebración que conmemora o 1º Congreso Mundial Xitano, celebrado en Londres en 1971, no que se adoptaron os símbolos propios do Pobo Xitano: a bandeira azul e verde cunha roda vermella, e o himno *Gelem, Gelem*. En España foi en 2018, a petición do Congreso dos Deputados, cando tivo lugar o recoñecemento do 8 de abril como Día do Pobo Xitano, así como o uso da bandeira e o himno xitanos.

O 8 de abril, Día Internacional do Pobo Xitano, é o momento de nos comprometermos, como sociedade, como país, coa plena igualdade dos xitanos e das xitanas. Igualdade desde o recoñece-



mento da diversidade e do valor dunha identidade cultural propia, mais que forma parte da nosa historia e a nosa cultura compartidas.

Cada vez máis institucións e persoas se suman ano a ano a esta celebración, nun xesto simbólico de recoñecemento. Pero a pesar dos avances, os xitanos e xitanas seguen estando por detrás e a gran distancia do resto da sociedade no gozo de dereitos fundamentais como o emprego decente, a educación de calidade, unha vivenda digna ou o dereito a non seren discriminados.

Un motivo de celebración deste 8 de abril é a aprobación, o pasado mes de novembro, da nova Estratexia Nacional de Igualdade, Inclusión e Participación do Pobo Xitano 2021-2030. Un marco político específico que nace non só do recoñecemento da situación de desigualdade e discriminación da poboación xitana e da necesidade de dar unha resposta estrutural a esta situación, senón que tamén avanza no impulso da participación e o recoñecemento do Pobo Xitano na nosa sociedade e nas institucións.

Outro recente fito institucional de relevancia foi a posta en marcha da Subcomisión para o estudo dun Pacto de Estado contra o Antixitanismo e a Inclusión do Pobo Xitano no Congreso dos Deputados, e o inicio das comparecencias para a elaboración do informe que permita alcanzar un Pacto de Estado.

Trátase de dous fitos moi relevantes que configuran o marco político e institucional para avanzar na igualdade, a inclusión e a participación do Pobo Xitano.

A celebración do Día Internacional do Pobo Xitano 2022 chega nun terrible contexto de conflito internacional, coa invasión militar rusa de Ucraína, e non podemos ignorar o que está a suceder nas fronteiras da Unión Europea. Por iso, este ano queremos que o 8 de abril constitúa tamén unha sentida homenaxe a todas as persoas que están a sufrir en primeira persoa as consecuencias desta guerra, tanto en Ucraína como nos países limítrofes, e especialmente á comunidade xitana ucraína, que sabemos que en moitos casos está a sufrir un trato discriminatorio.

O Pobo Xitano caracterízase pola súa solidariedade, pola súa unidade, pola súa identidade compartida e os seus vínculos máis aló das fronteiras; e sabemos que nas crises sempre ten máis dificultades quen está nunha situación de maior vulnerabilidade, como os xitanos e xitanas. Por iso queremos apelar á solidariedade con todas as vítimas desta guerra, tamén co pobo xitano ucraíno, e compartir a reivindicación dunha sociedade xusta, baseada nos dereitos e as liberdades, nos valores democráticos, na igualdade de oportunidades e na cohesión social, para o Pobo Xitano e para o conxunto da sociedade.

Vivimos nun contexto de dificultades (crise, pandemia, guerra...) pero que non pode supoñer un paso atrás nos avances que demos na garantía de dereitos e oportunidades para o Pobo Xitano en España e en Europa. Por iso, os pasos que se van dando no recoñecemento institucional, e a conmemoración do 8 de abril é un deles, deben traducirse tamén en medidas concretas para reducir a desigualdade, loitar contra a discriminación e o antixitanismo, e avanzar en dereitos e cidadanía do Pobo Xitano.

Feliz 8 de abril.»

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



## 1.4. Procedementos de información

### 1.4.5. Respostas a preguntas

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 4 de abril de 2022, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

#### **Coñecemento da resposta, remisión aos deputados e publicación**

- 32975 - 13537 (11/PRE-003377)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da elaboración e implementación, antes do verán de 2021, dun plan de rescate específico para os servizos das festas patronais

- 33108 - 9059 (11/PRE-004300)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación do actual modelo de centros residenciais para persoas maiores co fin de garantir o dereito a unha vellez digna

- 33182 - 9884 (11/PRE-004449)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre o traslado de persoas maiores afectadas pola covid-19 á residencia privada Os Gozos, da Fundación San Rosendo

- 33107 - 11084 (11/PRE-004558)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre a situación do proxecto de conexión do porto seco de Monforte coa estrada N-120

- 33106 - 17394 (11/PRE-005177)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para axudar aos produtores de viño afectados pola tormenta de sarabia en Chantada

- 33109 - 7615 (11/PRE-005394)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as supresións dos mercados locais e sector de proximidade alegando falta de seguridade sanitaria

- 33181 - 10890 (11/PRE-005985)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 5 máis



Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa presenza, xestión e danos que causa o lobo en Galicia, así como coa súa inclusión na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial

- 32976 - 13536 (11/PRE-006220)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da elaboración e implementación, antes do verán de 2021, dun plan de rescate específico para os servizos das festas patronais

- 32963 - 19160 (11/PRE-006683)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 4 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da apertura dunha liña de axudas para a hostalaría das comarcas afectadas polas últimas restricións

- 32960 - 19373 (11/PRE-006689)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da apertura dunha liña de axudas para a hostalaría, especialmente para o sector do ocio nocturno

- 32958 - 20766 (11/PRE-006809)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de elaborar un plan de reactivación da hostalaría

- 32986 - 20913 (11/PRE-006821)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 4 máis

Sobre o turismo de autocaravana no concello de Ourense

- 32984 - 24881 (11/PRE-007186)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre os prexuízos provocados polas obras de acondicionamento da Vía da Prata na parroquia de Torneiros, en Allariz

- 32983 - 26293 (11/PRE-007333)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para facer os traballos de mantemento no tramo do Camiño de Santiago ao seu paso por Sanguñeda, no concello de Mos

- 32991 - 18212 (11/PRE-007401)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre o prazo previsto para facer accesibles os albergues da rede pública da Xunta de Galicia para as persoas en cadeira de rodas

- 32989 - 18214 (11/PRE-007402)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación do Concello de Vilaboa cunha partida orzamentaria para mellorar a afluencia do turismo á súa vila

- 32974 - 18252 (11/PRE-007414)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da materialización das axudas anunciadas polo vicepresidente primeiro para a cobertura do custo dos seguros exixidos ás axencias de viaxes

- 32988 - 18260 (11/PRE-007417)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun plan estratéxico termal para cada unha das catro provincias de Galicia

- 32970 - 18264 (11/PRE-007418)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun novo plan estratéxico termal para Ourense

- 32964 - 19158 (11/PRE-007669)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 4 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da apertura dunha liña de axudas para a hostalaría das comarcas afectadas polas últimas restricións

- 33180 - 19052 (11/PRE-007684)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da ampliación do instituo de educación secundaria Pedras Rubias, no concello de Salceda de Caselas, e a implantación nel dos estudos postobrigatorios

- 32962 - 19371 (11/PRE-007698)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da apertura dunha liña de axudas para a hostalaría, especialmente para o sector do ocio nocturno



- 32959 - 20764 (11/PRE-008186)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de elaborar un plan de reactivación da hostalaría

- 33004 - 20911 (11/PRE-008200)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 4 máis

Sobre o turismo de autocaravana no concello de Ourense

- 33176 - 24163 (11/PRE-008467)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e González Iglesias, María do Carme

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para o desenvolvemento da vivenda protexida en Navia, no concello de Vigo

- 33105 - 24429 (11/PRE-008493)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o orzamento e os proxectos aprobados en 2021 pola Consellería do Mar para a protección e a recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños

- 33183 - 25887 (11/PRE-008639)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para catalogar os concellos que casen coa definición de territorio despoboado e susceptibles de recibir axudas para captar poboación

- 32990 - 18213 (11/PRE-008758)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre o prazo e o orzamento previstos para dotar de accesibilidade os albergues da rede pública da Xunta de Galicia para as persoas en cadeira de rodas

- 33006 - 18215 (11/PRE-008759)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación do Concello de Vilaboa cunha partida orzamentaria para mellorar a afluencia do turismo á súa vila, así como sobre a limpeza e a mellora da sinalización do Camiño de Santiago Portugués ao seu paso pola vila

- 32973 - 18253 (11/PRE-008784)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da materialización das axudas anunciadas polo vicepresidente primeiro para a cobertura do custo dos seguros exixidos ás axencias de viaxes



- 32971 - 18261 (11/PRE-008788)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun plan estratéxico termal para cada unha das catro provincias de Galicia

- 32969 - 18265 (11/PRE-008791)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun novo plan estratéxico termal para Ourense

- 32968 - 18321 (11/PRE-008823)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da elaboración e da implementación, antes do verán de 2021, dun plan de rescate específico para os servizos das festas patronais

- 32967 - 18524 (11/PRE-008905)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre as medidas urxentes de apoio ao sector da hostalaría adoptadas para tratar de paliar os efectos da pandemia da covid-19

- 32966 - 18545 (11/PRE-008920)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a recuperación da hostalaría e das actividades relacionadas co turismo e para consensuar actuacións económico-sociais cunha representación ampla e plural das diferentes ramas de actividade do sector

- 32965 - 18624 (11/PRE-008941)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e 2 máis

Sobre a adopción por parte do Goberno galego, a teor do recuamento dos efectos da covid-19, de novas medidas de axuda directa no sector da hostalaría

- 33005 - 19027 (11/PRE-009159)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a actuación do Goberno da Xunta para impulsar un proxecto de recuperación da memoria democrática das mulleres galegas co fin de as visibilizar e recoñecer a represión que sufriron e o papel vertebrador que tiveron na loita pola democracia e a autonomía galega

- 33179 - 19159 (11/PRE-009235)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Torrado Quintela, Julio e 4 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto dea apertura dunha liña de axudas para a hostalaría das comarcas afectadas polas últimas restricións

- 32961 - 19372 (11/PRE-009340)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da apertura dunha liña de axudas para a hostalaría, especialmente para o sector do ocio nocturno

- 32987 - 20765 (11/PRE-009530)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de elaborar un plan de reactivación da hostalaría

- 33178 - 20816 (11/PRE-009534)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre os incumprimentos na prestación de servizos do Centro de Día Interxeracional da Farixa, en Ourense, e a supervisión e inspección del por parte da Xunta de Galicia

- 33008 - 20909 (11/PRE-009545)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 4 máis

Sobre o turismo de autocaravana no concello de Ourense

- 33177 - 22988 (11/PRE-009711)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre os futuros usos do Hospital Provincial de Pontevedra

- 33007 - 23793 (11/PRE-009790)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre a ampliación e a reforma da nave de redeiras de Cangas

- 32985 - 24880 (11/PRE-009881)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre os prexuízos provocados polas obras de acondicionamento da Vía da Prata na parroquia de Torneiros, en Allariz

- 33104 - 29049 (11/PRE-010136)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as previsións de Augas de Galicia respecto da tramitación do expediente de modificación da concesión dunha nova captación de auga no concello de Noia



- 33103 - 30468 (11/PRE-010239)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a necesidade de resolver o problema dos asolagamentos do núcleo urbano de Sada

- 33102 - 31001 (11/PRE-010298)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para retomar a xestión pública directa do Centro de Menores de Montealegre, en Ourense

- 33101 - 31019 (11/PRE-010300)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre o compromiso por parte da Xunta de Galicia para que o centro terapéutico ocupacional de Ourense sexa exclusivamente de xestión pública e directa e as razóns da demora da súa construción

- 33100 - 31247 (11/PRE-010313)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e 2 máis

Sobre a execución da conexión do eixo de comunicación A 52, fronteira de Portugal

BOPG n.º 287, do 03.03.2022

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2022

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

## 1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

### 1.5.4. De ámbito europeo

#### 1.5.4.1. Unión Europea

**Resolución da Presidencia, do 4 de abril de 2022, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta do principio de subsidiariedade relativá a Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 909/2014 no relativo á disciplina de liquidación, a prestación transfronteiriza de servizos, a cooperación en materia de supervisión, a prestación de servizos auxiliares de tipo bancario e os requisitos aplicables aos depositarios centrais de valores de terceiros países (Texto pertinente a efectos do EEE) [ COM(2022) 120 final] [2022/0074 ( COD)] { SEC(2022) 160 final} { SWD(2022) 75 final} { SWD(2022) 76 final}**

-11/UECS-000180 (33319) Consulta do principio de subsidiariedade relativá a Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 909/2014 no relativo á disciplina de liquidación, a prestación transfronteiriza de servizos, a cooperación en materia de supervisión, a prestación de servizos auxiliares de tipo bancario e os requisitos aplicables aos depositarios centrais de valores de terceiros países (Texto pertinente a efectos do



EEE) [ COM(2022) 120 final] [2022/0074 ( COD)] { SEC(2022) 160 final} { SWD(2022) 75 final} { SWD(2022) 76 final}

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 33319, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para la Unión Europea en relación coa Consulta do principio de subsidiariedade relativa a Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 909/2014 no relativo á disciplina de liquidación, a prestación transfronteiriza de servizos, a cooperación en materia de supervisión, a prestación de servizos auxiliares de tipo bancario e os requisitos aplicables aos depositarios centrais de valores de terceiros países (Texto pertinente a efectos do EEE) [ COM(2022) 120 final] [2022/0074 ( COD)] { SEC(2022) 160 final} { SWD(2022) 75 final} { SWD(2022) 76 final}.

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos legislativos da Unión Europea (no BOPG núm. 27, do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto legislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto legislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

**Resolución da Presidencia, do 4 de abril de 2022, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican o Regulamento (UE) 2017/1938 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre medidas para garantir a seguridade da subministración de gas, e o Regulamento (CE) nº 715/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as condicións de acceso ás redes de transporte de gas natural (Texto pertinente a efectos do EEE) [ COM(2022) 135 final] [ COM(2022) 135 final anexo] [2022/0090 ( COD)]**

-11/UECS-000181 (33320) Consulta do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican o Regulamento (UE) 2017/1938



do Parlamento Europeo e do Consello, sobre medidas para garantir a seguridade da subministración de gas, e o Regulamento (CE) n.º 715/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as condicións de acceso ás redes de transporte de gas natural (Texto pertinente a efectos do EEE) [ COM(2022) 135 final] [ COM(2022) 135 final anexo] [2022/0090 ( COD)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 33320, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para la Unión Europea en relación coa Consulta do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican o Regulamento (UE) 2017/1938 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre medidas para garantir a seguridade da subministración de gas, e o Regulamento (CE) n.º 715/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as condicións de acceso ás redes de transporte de gas natural (Texto pertinente a efectos do EEE) [ COM(2022) 135 final] [ COM(2022) 135 final anexo] [2022/0090 ( COD)].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos legislativos da Unión Europea (no BOPG núm. 27, do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto legislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto legislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

## **2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento**

### **2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos**

#### **2.2.1. Composición do Pleno**

**Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do día 6 de abril de 2022, polo que se acepta a renuncia á condición de deputado de Juan Carlos Francisco Rivera e se declara vacante o seu escano pola circunscrición electoral de Ourense na lista do Partido dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 33306; 11/RCDE-000017)**



Juan Carlos Francisco Rivera, en cumprimento do artigo 7 da Lei 8/1985, de eleccións ao Parlamento de Galicia e o artigo 21.4 do Regulamento da Cámara, comparece ante esta Mesa para proceder á súa renuncia expresa á condición de deputado pola circunscrición electoral de Ourense.

A Mesa adopta o seguinte acordo:

1º. Aceptar a renuncia de Juan Carlos Francisco Rivera como deputado do Parlamento de Galicia e declarar vacante o seu escano pola circunscrición electoral de Ourense na lista correspondente ao Partido dos Socialistas de Galicia.

2º. Notificar a presente resolución ao interesado, ao portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia, á Intervención e Asuntos Económicos, e aos Servizos de Persoal e Réxime Interior, Tecnoloxías da Información e Asistencia Parlamentaria, subliñando que a súa renuncia produce plenos efectos dende as 00:00 horas do día 7 de abril de 2022.

3º. Notificar a presente resolución á Xunta Electoral de Galicia para que se dea cumprimento ao establecido no artigo 11 da Lei 8/1985, de 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

4º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 13537**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e don Martín Seco García, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da elaboración e implementación, antes do verán de 2021, dun plan de rescate específico para os servizos das festas patronais”**, (publicada no BOPG número 122 do 8 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a estas preguntas xa foron tratados polo Goberno no seo do Pleno do Parlamento de Galicia na sesión celebrada o 28 de abril de 2021 no debate da iniciativa con número de rexistro 13535, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=N2QzZjc1OTMtYjIjMy00ZmVhLTg2NGItNDZmMGI5ZWFLZDhh&start=13572>

Na devandita sesión, o Goberno informou, entre outras cuestións, que a Xunta de Galicia veu traballando dende hai tempo para axudar aos autónomos e pemes galegas, aos do sector das festas populares, á hostalaría, ao turismo e en definitiva a todo o sector productivo galego”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/03/2022 10:26:49



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 9059** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da modificación do actual modelo de centros residenciais para persoas maiores co fin de garantir o dereito a unha vellez digna”**, (publicada no BOPG número 88 do 3 de febreiro de 2021) ,convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Unha das liñas fundamentais da Consellería de Política Social para a presente lexislatura é a de traballar nun novo modelo na prestación da asistencia sociosanitaria.

Dito modelo inclúe, no seu ámbito de traballo, todos aqueles dispositivos ligados a prestación da asistencia aos nosos maiores, non só residenciais, senón tamén aqueles que teñan como finalidade axudar aos cidadáns a que poidan seguir vivindo independentemente nos seus fogares e participar o maior tempo posible na sociedade.

Este novo modelo de residencias será participativo, consensuado e integrador e estará sustentado en tres piares fundamentais:

- Apostar polas potencialidades da tecnoloxía e poñela ao servizo da calidade de vida das persoas usuarias.
- Explorar melloras estruturais e arquitectónicas que permitan optimizar a atención en todas as circunstancias.
- Avanzar na coordinación entre o eido social e sanitario.

Para empezar a traballar sobre elo, o pasado 21 de decembro constituíuse o Comité Asesor Sociosanitario que ten como principal cometido deseñar o esquema sociosanitario e marcar



as liñas mestras polas que transcorrerá o futuro do sector que permitirá seguir avanzando cara un maior benestar das persoas maiores usuarias.

Este Comité conta con representación de todos os ámbitos implicados no novo modelo de residencias: traballadores sociais, arquitectos, persoal médico e de enfermaría, familiares de usuarios etc.

O seu obxectivo é atender as novas necesidades xeradas a raíz da covid-19 e mellorar os servizos residenciais de Galicia para a era post covid.

Dada a envergadura do proxecto faise necesario establecer unha serie de fases para seu desenvolvemento secuencial. Deste xeito, completará no primeiro semestre do ano un diagnóstico das residencias de maiores que permitirá identificar as fraquezas, as fortalezas e as propostas de mellora do novo modelo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/03/2022 12:35:03  
**Nº Rexistro: 33108**  
Data envío: 29/03/2022 12:35:03.938

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/03/2022 12:34:58**

CSV: BOPGDSPG-9CeT8sCcb-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 9884**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **“o traslado de persoas maiores afectadas pola covid-19 á residencia privada Os Gozos, da Fundación San Rosendo”**, (publicada no BOPG número 91 do 10 de febreiro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“En Galicia elaboráronse protocolos asistenciais conxuntos entre a Consellería de Sanidade e a Consellería de Política Social, coa mellor evidencia científica para a atención e tratamento das persoas residentes en centros sociocomunitarios.

Sempre que nalgunha residencia a calidade asistencial estivo en perigo, a Xunta de Galicia actuou, seguindo criterios exclusivamente sanitarios.

A Orde SND/275/2020, do 23 de marzo, pola que se establecen medidas complementarias de carácter organizativo, así como a subministración de información no ámbito dos centros de servizos sociais de carácter residencial en relación coa xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que recoñece a especial vulnerabilidade das persoas maiores, as persoas con discapacidade ou outros usuarios de centros residenciais e centros sociais con internamento ante a infección COVID-19, e a necesidade de dispoñer de recursos para a atención dos mesmos, obriga a adoptar novas medidas dirixidas a reducir o risco de contaxio e garantir a posibilidade de utilización de todos os recursos dispoñibles para a atención social e sanitaria destes colectivos.

En virtude do disposto no punto terceiro, apartado c, da Orde SND/275/2020, do 23 de marzo, a autoridade sanitaria competente da comunidade autónoma poderá, en función da situación epidémica e asistencial de cada centro residencial ou territorio concreto e



sempre atendendo a principios de necesidade e proporcionalidade, intervir os centros residenciais e dispoñer unha serie de actuacións neles.

Deste xeito, a Consellería de Sanidade conxuntamente coa Consellería de Política Social acordaron levar a cabo dous tipos de actuacións. Por unha banda, a creación de Residencias Integradas para illamento e tratamento das persoas diagnosticadas con COVID-19 nos casos recollidos a continuación e, por outra, a intervención en centros residenciais, propoñendo distintos tipos de medidas, entre as que se atopan o apoio con empregados públicos, nas residencias con maiores dificultades no control das persoas infectadas ou na contención do brote, no seu caso, motivo polo que estas residencias denomínanse Residencias Intervidas ou "con expediente de intervención", de acordo coa terminoloxía empregada polo Goberno central.

No que respecta ao erro de identificación dunha persoa usuaria da residencia San Bartolomeu no concello de Xove, foi totalmente alleo ás responsabilidades dos servizos autonómicos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 31/03/2022 10:08:58  
**Nº Rexistro: 33182**  
Data envío: 31/03/2022 10:08:58.396

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/03/2022 10:08:56**

CSV: BOPGDSPG-9CeT8sCcb-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 11084**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Raquel Arias Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación do proxecto de conexión do porto seco de Monforte coa estrada N-120”**, (publicada no BOPG número 101 do 24 de febreiro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O proxecto de construción da conexión do Porto Seco de Monforte coas estradas LU-933 e N-120 aprobouse o 7 de novembro de 2010 e, debido ao elevado importe da actuación, decidiuse dividir as obras en dúas fases. A primeira, a correspondente ao subtramo Porto Seco-LU-933, está en servizo desde decembro de 2015.

No que respecta ao subtramo LU-933 – N-120, a solución aprobada inicialmente pola Xunta de Galicia resultou incompatible coa seleccionada polo daquela Ministerio de Fomento no estudo informativo da A-76. Por esta razón, acordouse a redacción dun novo proxecto de trazado e impacto ambiental que definise unha solución compatible co proxecto desta autovía. Ademais, mantivéronse diversos contactos coa Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia co fin de fixar os criterios para que a dita solución fose autorizable.

O contrato para a redacción do novo proxecto de trazado, tramitación da avaliación de impacto ambiental e redacción do proxecto construtivo asinouse o 1 de decembro de 2016 e aprobouse de xeito definitivo o 18 de outubro de 2019. A nova conexión permitirá absorber o tráfico xerado pola área loxística e de intercambio de mercadorías do porto seco e constituirá a súa principal vía de unión coa Meseta e o sur de Galicia, ao tempo que evitará o paso de vehículos, sobre todo de tráfico pesado, polo núcleo urbano de Monforte de Lemos.



En canto aos trámites posteriores á antedita aprobación, hai que destacar o informe de Adif do 21 novembro de 2019, no que reitera que para autorizar as obras deberase suprimir un paso a nivel. Non obstante, este paso nada ten que ver coa actuación, razón pola que a Xunta considera que a petición de Adif non só resulta inasumible senón que, ademais, está a bloquear a actuación. Tamén o informe da Confederación Hidrográfica do Miño Sil do 26 de novembro de 2019, que solicita o redeseño das obras de drenaxe, o que tamén atrasa a actuación, posto que implica refacer un proxecto xa aprobado. Ademais, o informe da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, con data do 6 de febreiro de 2020, solicita documentación complementaria unha vez acordada a solución, que, ao igual que no caso anterior, é unha petición que atrasa a actuación.

A maiores destes problemas administrativos xerados polos tres devanditos informes emitidos pola Administración Xeral do Estado, hai que poñer de manifesto o bloqueo, tamén por parte do Goberno central, a investir recursos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia para esta actuación. E iso pese a que esta actuación encaixa perfectamente nos obxectivos que a Unión Europea formulou para este programa Next Generation de fondos europeos. De feito, así o solicitou a Xunta de Galicia ao Goberno de España especificamente para esta actuación o 25 de xaneiro de 2021, pero foi desestimado.

Salvo cambio de opinión do Goberno central, non será posible aproveitar estes fondos para financiar unha actuación que, na opinión da Xunta de Galicia, si que tería sentido e encaixe nos obxectivos da Unión Europea”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/03/2022 12:34:46  
**Nº Rexistro: 33107**  
Data envío: 29/03/2022 12:34:46.110

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/03/2022 12:34:39

CSV: BOPGDSPG-9CeT8sCcb-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 17394**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego respecto das axudas ás e aos produtores de viño afectados pola tormenta de saraiba en Chantada”**, (publicada no BOPG número 158 do 23 de xuño de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Esta cuestión foi respondida en Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes o pasado 2 de xullo do 2021 polo director da Axencia Galega de Calidade Alimentaria, dando resposta á pregunta 17393.

En consideración da situación de emerxencia ocasionada polas treboadas de pedrazo rexistradas o pasado mes de xuño na provincia de Lugo, o Goberno galego actuou coa máxima rapidez para determinar os danos producidos. Neste sentido, desprazouse ata o lugar un técnico para unha primeira valoración, a través da que se realizou a inspección visual da zona afectada, tomando fotografías dos devanditos danos ocasionados nos cultivos e delimitando a área xeográfica onde as consecuencias da sarabia foron maiores.

Ao respecto, o fenómeno climático afectou as comarcas da zona sur de Lugo, de Chantada e Monforte, concretamente aos concellos de Chantada e Saviñao.

Nesta liña, as persoas afectadas polo pedrazo, propietarios dos cultivos en cuestión, foron correctamente asesoradas pola Xefatura Territorial da provincia de Lugo, co obxecto de revertir as consecuencias da sarabia e salvar a produción vitícola.

Así mesmo, lémbrese que na anualidade 2016 tamén se produciron treboadas de pedrazo como as últimas, un sinistro que ten certa periodicidade na zona do sur de Lugo e fronte ao cal o Goberno galego aposta por fomentar os seguros agrarios. De feito, este 2021 foi convocada



unha liña de axudas para a contratación destes seguros cun orzamento de 6 millóns de euros, cantidade un 20% superior á destinada a esta mesma finalidade no pasado ano 2020.

Desde a Consellería do Medio Rural deféndese a contratación de pólizas, xa que é a maneira de estar cubertos en caso de que se produzan danos en explotacións debido a algún tipo de fenómeno meteorolóxico extraordinario, como o acontecido en xuño do 2021. A Xunta concede estas axudas de forma directa aos agricultores e poderán ser beneficiarios os asegurados que sexan titulares de explotacións agrarias galegas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/03/2022 12:34:30  
**Nº Rexistro: 33106**  
Data envío: 29/03/2022 12:34:30.423

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/03/2022 12:34:26**

CSV: BOPGDSPG-9CeT8sCcb-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 7615**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Rivas Cruz, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as supresións dos mercados locais e sector de proximidade alegando falta de seguridade sanitaria”**, (publicada no BOPG número 80 do 21 de xuño de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Como xa se reiterou en numerosas ocasións desde a Xunta de Galicia, esta cuestión habería que trasladarlla ao Goberno central, pois foi o que non protexeu expresamente a actividade en mercados ao aire libre no Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola covid-19. Esta norma obrigou ao coñecido confinamento da poboación e ao peche de todas as actividades agás as alí reguladas, entre as que non se citan os mercados.

Posteriormente, no exercicio da súa responsabilidade, a Consellería do Medio Rural definiu un período de prohibición de sete días (entre o 24 e 31 de marzo) en agarda de que a administración central aclarase se os mercados ao aire libre podían celebrarse consonte ao Real Decreto 463/2020. Ademais, definiuse un protocolo de reapertura dentro desta situación sanitaria e así estar preparados cando retomasen a súa actividade.

Logo de varias consultas infrutuosas á Delegación do Goberno en Galicia para que aclarase a situación dos mercados dentro do estado de alarma, esta confirmou que non era posible celebralos. Posteriormente, a orde do Ministerio de Sanidade do 9 de maio de 2020 reabriu expresamente os mercados no seu artigo 10.6, o cal confirma a súa prohibición ata ese momento.



Neste sentido, a Consellería está de acordo coa protección e promoción dos mercados de proximidade, como fonte de alimentos sans, sostibles e de calidade incomparable, pero tivemos que asumir a normativa estatal de obrigado cumprimento, como non pode ser doutro xeito nun Goberno autonómico responsable”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/03/2022 12:35:10



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 10890**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa presenza, xestión e danos que causa o lobo en Galicia, así como coa súa inclusión na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial”**, (publicada no BOPG número 100 do 23 de febreiro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Galicia, xunto con Castela e León, Cantabria e Asturias, trasladaron este mes de xaneiro á Unión Europea que os exhaustivos informes elaborados por estas comunidades autónomas demostran que o lobo ao norte do Douro goza dun estado de conservación favorable.

Durante a xuntanza co comisario europeo de Medio Ambiente, os representantes autonómicos sinalaron que tanto a avaliación da dinámica das poboacións, como a área de distribución e a calidade do hábitat para a especie resultan a todas luces favorables nas comunidades que albergan preto do 98% da especie, polo que resulta incomprendible a decisión de incluír o lobo na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial (Lesrpe) tamén nos seus territorios”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 31/03/2022 10:08:51  
**Nº Rexistro: 33181**  
Data envío: 31/03/2022 10:08:51.396

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/03/2022 10:08:48**

CSV: BOPGDSPG-9CeT8sCcb-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 13536**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e don Martín Seco García, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da elaboración e implementación, antes do verán de 2021, dun plan de rescate específico para os servizos das festas patronais”**, (publicada no BOPG número 119 do 5 de abril de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a estas preguntas xa foron tratados polo Goberno no seo do Pleno do Parlamento de Galicia na sesión celebrada o 28 de abril de 2021 no debate da iniciativa con número de rexistro 13535, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=N2QzZjc1OTMtYjJlMy00ZmVhLTg2NGItNDNmMGI5ZWFLZDhh&start=13572>

Na devandita sesión, o Goberno informou, entre outras cuestións, que a Xunta de Galicia veu traballando dende hai tempo para axudar aos autónomos e pemes galegas, aos do sector das festas populares, á hostalaría, ao turismo e en definitiva a todo o sector productivo galego”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/03/2022 10:26:56





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 19160**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto da apertura dunha liña de axudas para a hostalaría das comarcas afectadas polas últimas restricións"**, (publicada no BOPG número 183 do 9 de agosto de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A irrupción da covid-19 no escenario mundial está a ter efectos non só sanitarios senón tamén sociais, económicos e laborais, algúns deles máis intenso en determinados sectores como é o caso da hostalaría.

Por ese motivo, o Goberno galego tivo que adoptar actuacións que salvagardasen a actividade económica, destacando, entre outras medidas, os catro Plans de rescate desenvolvidos pola Consellería de Emprego e Igualdade.

De feito, a través dos dous primeiros Plans de rescate que o Goberno galego deseñou e executou con fondos autonómicos en apenas catro meses, cos requirimentos deseñados no seo do Diálogo Social, puxo a disposición do tecido empresarial galego (incluído o sector da hostalaría que contou con liñas específicas ademais de poder beneficiarse das xerais) 182 millóns de euros, tramitando preto de 80.000 solicitudes.

En canto ao terceiro e o cuarto Plans de Rescate, con fondos estatais, cómpre sinalar que non sucedeu o mesmo, xa que en seis meses executouse algo máis do 70% dos 234,4 millóns de euros dos fondos e recibíronse tan só 15.061 solicitudes.



Isto debeuse a que o texto estatal establecía ademais como condición para optar ás axudas estar incluído na lista de 95 actividades económicas (CNAEs) concretada no Anexo I, se ben nunha modificación posterior do decreto estatal autorizouse ás comunidades autónomas a incrementar a lista de CNAEs coa debida xustificación.

De acordo co pactado no Diálogo Social e na Mesa de Autónomos, a Xunta decidiu estender as axudas a todas as actividades económicas, e non só aos CNAEs que aparecen no real decreto, sempre e cando puideran acreditar unha caída do volume de operacións dun 40% ou máis, o que demostraría unha clara afección ao negocio por mor da pandemia.

Co obxectivo de garantir a maior axilidade posible, minimizando a burocracia do real decreto, o Goberno galego aplicou o mesmo criterio que no primeiro e segundo Plans de rescate, é dicir, os beneficiarios recibirían anticipadamente o 100% do importe coa presentación dunha declaración responsable, debendo entregar os xustificantes correspondentes no prazo de 3 meses desde a recepción da axuda. Deste xeito, non foi necesario documentar o cumprimento de todos os complexos requisitos esixidos polo Estado como paso previo para acceder ao diñeiro.

A distribución dos fondos, pactada cos interlocutores sociais, priorizou a autónomos e pequenos empresarios, que conforman o 97% do tecido produtivo de Galicia, reservando como mínimo o 85% do importe do III Plan de Rescate, é dicir, os 200 millóns de euros do primeiro e o segundo para programas de apoio.

O Real Decreto-lei 5/2021 que deu soporte ao III Plan de Rescate foi modificado polo Real decreto lei 6/2021, e posteriormente polo Real Decreto-lei 17/2021, de 14 de setembro.

Esta última modificación outorgou unha nova redacción ao artigo 1 do Real Decreto-lei 5/2021, recollendo expresamente a posibilidade de que estas axudas puideran aplicarse tamén á compensación de custos fixos non cubertos, incluídas as perdas contables, á vez que ampliaba en catro meses (desde o 31 de maio ata o 30 de setembro de 2021) o prazo de cobertura das axudas para a imputación de débeda a provedores e outros acredores, financeiros e non financeiros, que estiveran pendentes o 30 de setembro de 2021.



Á vista desta modificación, e rematado o prazo de presentación de solicitudes no III Plan Rescate da Xunta de Galicia, constatouse que se ten presentado un número reducido de solicitudes en relación cos plans precedentes, dadas as cargas burocráticas e as limitacións nos importes impostas polo Real Decreto-lei 5/2021. Ademais a complexidade na xestión das axudas reguladas nese III Plan Rescate aconsellou a publicación urxente dunha nova convocatoria no canto de realizar unha nova modificación nas bases reguladoras do antedito III Plan, de xeito que o IV Plan de Rescate da Xunta de Galicia puidera achegar maior axilidade na xestión, permitindo o acceso a novas persoas e entidades beneficiarias e completar ata o 30 de setembro de 2021 o prazo de cobertura das achegas.

As axudas contempladas neste IV Plan, ás que tivo tamén acceso o sector da hostalería, son finalistas, destinadas a satisfacer pagos a provedores e acredores, financeiros ou non financeiros, así como a compensar os custos fixos en que se incorreu, sempre e cando estes se xeraran entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de setembro de 2021 e procederan de contratos anteriores ao 13 de marzo de 2021 (data entrada en vigor do Real Decreto-lei 5/2021)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/03/2022 10:25:23  
**Nº Rexistro: 32963**  
Data envío: 28/03/2022 10:25:23.377

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/03/2022 10:25:21

CSV: BOPGDSPG-9CeT8sCcb-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 19373**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da apertura dunha liña de axudas para a hostalaría, especialmente para o sector do ocio nocturno”**, (publicada no BOPG número 181 do 5 de agosto de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A irrupción da covid-19 no escenario mundial está a ter efectos non só sanitarios senón tamén sociais, económicos e laborais, algúns deles máis intenso en determinados sectores como é o caso da hostalaría.

Por ese motivo, o Goberno galego tivo que adoptar actuacións que salvagardasen a actividade económica, destacando, entre outras medidas, os catro Plans de rescate desenvolvidos pola Consellería de Emprego e Igualdade.

De feito, a través dos dous primeiros Plans de rescate que o Goberno galego deseñou e executou con fondos autonómicos en apenas catro meses, cos requirimentos deseñados no seo do Diálogo Social, puxo a disposición do tecido empresarial galego (incluído o sector da hostalaría que contou con liñas específicas ademais de poder beneficiarse das xerais) 182 millóns de euros, tramitando preto de 80.000 solicitudes.

En canto ao terceiro e o cuarto Plans de Rescate, con fondos estatais, cómpre sinalar que non sucedeu o mesmo, xa que en seis meses executouse algo máis do 70% dos 234,4 millóns de euros dos fondos e recibíronse tan só 15.061 solicitudes.



Isto debeuse a que o texto estatal establecía ademais como condición para optar ás axudas estar incluído na lista de 95 actividades económicas (CNAEs) concretada no Anexo I, se ben nunha modificación posterior do decreto estatal autorizouse ás comunidades autónomas a incrementar a lista de CNAEs coa debida xustificación.

De acordo co pactado no Diálogo Social e na Mesa de Autónomos, a Xunta decidiu estender as axudas a todas as actividades económicas, e non só aos CNAEs que aparecen no real decreto, sempre e cando puideran acreditar unha caída do volume de operacións dun 40% ou máis, o que demostraría unha clara afección ao negocio por mor da pandemia.

Co obxectivo de garantir a maior axilidade posible, minimizando a burocracia do real decreto, o Goberno galego aplicou o mesmo criterio que no primeiro e segundo Plans de rescate, é dicir, os beneficiarios recibirían anticipadamente o 100% do importe coa presentación dunha declaración responsable, debendo entregar os xustificantes correspondentes no prazo de 3 meses desde a recepción da axuda. Deste xeito, non foi necesario documentar o cumprimento de todos os complexos requisitos esixidos polo Estado como paso previo para acceder ao diñeiro.

A distribución dos fondos, pactada cos interlocutores sociais, priorizou a autónomos e pequenos empresarios, que conforman o 97% do tecido produtivo de Galicia, reservando como mínimo o 85% do importe do III Plan de Rescate, é dicir, os 200 millóns de euros do primeiro e o segundo para programas de apoio.

O Real Decreto-lei 5/2021 que deu soporte ao III Plan de Rescate foi modificado polo Real decreto lei 6/2021, e posteriormente polo Real Decreto-lei 17/2021, de 14 de setembro.

Esta última modificación outorgou unha nova redacción ao artigo 1 do Real Decreto-lei 5/2021, recollendo expresamente a posibilidade de que estas axudas puideran aplicarse tamén á compensación de custos fixos non cubertos, incluídas as perdas contables, á vez que ampliaba en catro meses (desde o 31 de maio ata o 30 de setembro de 2021) o prazo de cobertura das axudas para a imputación de débeda a provedores e outros acredores, financeiros e non financeiros, que estiveran pendentes o 30 de setembro de 2021.





Á vista desta modificación, e rematado o prazo de presentación de solicitudes no III Plan Rescate da Xunta de Galicia, constatouse que se ten presentado un número reducido de solicitudes en relación cos plans precedentes, dadas as cargas burocráticas e as limitacións nos importes impostas polo Real Decreto-lei 5/2021. Ademais a complexidade na xestión das axudas reguladas nese III Plan Rescate aconsellou a publicación urxente dunha nova convocatoria no canto de realizar unha nova modificación nas bases reguladoras do antedito III Plan, de xeito que o IV Plan de Rescate da Xunta de Galicia puidera achegar maior axilidade na xestión, permitindo o acceso a novas persoas e entidades beneficiarias e completar ata o 30 de setembro de 2021 o prazo de cobertura das achegas.

As axudas contempladas neste IV Plan, ás que tivo tamén acceso o sector da hostalería, son finalistas, destinadas a satisfacer pagos a provedores e acredores, financeiros ou non financeiros, así como a compensar os custos fixos en que se incorreu, sempre e cando estes se xeraran entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de setembro de 2021 e procederan de contratos anteriores ao 13 de marzo de 2021 (data entrada en vigor do Real Decreto-lei 5/2021)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/03/2022 10:24:59





Ref. ms

Á vista desta modificación, e rematado o prazo de presentación de solicitudes no III Plan Rescate da Xunta de Galicia, constatouse que se ten presentado un número reducido de solicitudes en relación cos plans precedentes, dadas as cargas burocráticas e as limitacións nos importes impostas polo Real Decreto-lei 5/2021. Ademais a complexidade na xestión das axudas reguladas nese III Plan Rescate aconsellou a publicación urxente dunha nova convocatoria no canto de realizar unha nova modificación nas bases reguladoras do antedito III Plan, de xeito que o IV Plan de Rescate da Xunta de Galicia puidera achegar maior axilidade na xestión, permitindo o acceso a novas persoas e entidades beneficiarias e completar ata o 30 de setembro de 2021 o prazo de cobertura das achegas.

As axudas contempladas neste IV Plan, ás que tivo tamén acceso o sector da hostalería, son finalistas, destinadas a satisfacer pagos a provedores e acredores, financeiros ou non financeiros, así como a compensar os custos fixos en que se incorreu, sempre e cando estes se xeraran entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de setembro de 2021 e procederan de contratos anteriores ao 13 de marzo de 2021 (data entrada en vigor do Real Decreto-lei 5/2021)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/03/2022 10:24:53  
**Nº Rexistro: 32959**  
Data envío: 28/03/2022 10:24:53.800

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/03/2022 10:24:50**

CSV: BOPGDSPG-9CeT8sCcb-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 20911**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o turismo de autocaravana no concello de Ourense”**, (publicada no BOPG número 196 do 8 de setembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“Sobre as competencias da administración autonómica só recae o desenvolvemento deste tipo de turismo en lugares específicos tales como campamentos ou campings, e por iso o regula a través do Decreto 159/2019, do 21 de novembro (DOG núm. 246, do 27 de decembro).

No caso de atoparse fora destas instalacións, é dicir en tránsito, a competencia recae sobre a administración local onde se atope.

A partir desta autonomía que lle é conferida aos concellos a través da lexislación anteriormente mencionada, será cada entidade local en función da promoción turística que entenda convinte desenvolver para o seu territorio, a única administración competente para habilitar espazos para este tipo de turismo.

O goberno galego sempre se ten amosado a carón de todas aquelas iniciativas que teñan por finalidade a mellora na promoción turística de Galicia como un destino seguro e de calidade.



A Lei 7/2011, do 27 de outubro, de Turismo de Galicia, recolle no seu artigo 66.5 que poderán establecerse zonas especiais de acollida exclusivamente para autocaravanas e caravanas en tránsito consistentes en espazos de terreo debidamente delimitados, nos que a súa estancia non poderá superar unha noite e cuxa competencia sobre a regulación e o control recae sobre a administración local onde se ubiquen”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/03/2022 13:58:39  
**Nº Rexistro: 33004**  
Data envío: 28/03/2022 13:58:39.973

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/03/2022 13:58:33**

CSV: BOPGDSPG-9CeT8sCcb-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 24163**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e dona Carme González Iglesias, sobre **“as previsións da Xunta para o desenvolvemento da vivenda protexida de Navia en Vigo”**, (publicada no BOPG número 220 do 3 de novembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª do pasado 15 de decembro de 2021 polo director xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, en resposta á pregunta oral 24162.

Na súa intervención, o director xeral do IGVS respondeu ás previsións de vivenda en San Paio de Navia e aos prazos previstos para este ámbito nos vindeiros meses.

Enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 15 de decembro de 2021:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=NjAxMmYzMTgtNWUwZi00NzEwLWE4YjgtZWVlZWNmNDI3Mjli](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NjAxMmYzMTgtNWUwZi00NzEwLWE4YjgtZWVlZWNmNDI3Mjli)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 31/03/2022 10:08:03  
**Nº Rexistro: 33176**  
Data envío: 31/03/2022 10:08:03.819

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/03/2022 10:07:49

CSV: BOPGDSPG-9CeT8sCcb-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 24429** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o orzamento dedicado pola Consellería do Mar a financiar proxectos para a protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños e cantos foron os proxectos aprobados este ano 2021"**, (publicada no BOPG número 224 do 10 de novembro de 2021) ,convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O día 3 de febreiro de 2021 publicouse a orde pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2021 para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos colectivos financiados polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca para a protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades pesqueiras sustentables mediante a recollida de residuos mariños.

O obxecto da orde consistiu na elaboración e desenvolvemento de proxectos que teñan por obxecto protexer e recuperar a biodiversidade e os ecosistemas mariños no marco de actividades pesqueiras sustentables, mediante a recollida de residuos mariños coa participación do sector produtor da pesca.

As actuacións incidiron na redución do lixo mariño facilitando que contribúan a protexer o seu medio de traballo e promover o papel fundamental das persoas pescadoras e mariscadoras como gardiás do mar, proporcionando coñecemento sobre o tipo, cantidades e distribución do lixo mariño

O importe da convocatoria foi de 980.000 € (500.000 € en 2021 e 480.000 € en 2022), e presentáronse nove (9) proxectos, oito (8) dos cales son de recollida activa de residuos.



Ademáis no DOG do 19 de xaneiro de 2022 publicabase a convocatoria para o ano 2022 cun crédito orzamentario para as solicitudes de axuda tramitadas durante o exercicio do ano 2022 e a plurianualidade asociada cun importe de un millón de euros ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/03/2022 12:34:21  
**Nº Rexistro: 33105**  
Data envío: 29/03/2022 12:34:21.220

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/03/2022 12:34:18

CSV: BOPGDSPG-9CeT8sCcb-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 25887**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para catalogar os concellos que casen coa definición de territorio despoboado e polo tanto susceptibles de recibir axudas para captar poboación”**, (publicada no BOPG número 243 do 17 de decembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia leva anos traballando de xeito proactivo na fixación de poboación naquelas zonas de Galicia menos poboadas. Por poñer dous exemplos concretos, proba disto son actuacións como o programa de Impostos Cero no Rural, con beneficios fiscais específicos na adquisición de vivenda para aquelas parroquias consideradas zonas pouco poboadas (ZPP) en función dos criterios de Eurostat, ou como o impulso a proxectos específicos no eido social coma as casas-niño, que se están a desenvolver en concellos de menos de 5.000 habitantes que carecen de recursos de conciliación.

Ademais, adicionalmente a Xunta de Galicia está a traballar co resto de comunidades autónomas e co Goberno central nos traballos técnicos de elaboración dun indicador multidimensional de situación e sinopse territorial, co obxectivo de especificar os criterios das zonas de prioridade demográfica, tal como establece o borrador de Estratexia Nacional no que traballan Comunidades Autónomas e Goberno central.

En todo caso, Galicia é unha comunidade autónoma de referencia na adopción de medidas no eido demográfico, e como exemplo a aprobación da Lei de Impulso Demográfico de Galicia, a primeira destas características aprobada en España”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 31/03/2022 10:09:17  
**Nº Rexistro: 33183**  
Data envío: 31/03/2022 10:09:17.161

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/03/2022 10:09:14**

CSV: BOPGDSPG-9CeT8sCcb-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 18213**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o prazo e o orzamento previstos para dotar de accesibilidade os albergues da rede pública da Xunta de Galicia para as persoas en cadeira de rodas”**, (publicada no BOPG número 175 do 28 de xullo de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“Dende 2015 as actuacións de mellora da Rede Galega de Albergues están supoñendo un investimento de preto de 16 millóns de euros:

- 10,7 M€ na creación de 14 novos Albergues: A Fonsagrada, Xinzo de Limia, Ourense, Friol, Ordes, A Gudiña, Oseira (San Cristovo de Cea), O Saviñao, Vilasantar, Vigo, Sobrado dos Monxes, Ferrol, Piñor e A Coruña.
- Máis de 5,1 M€ noutras actuacións de mellora, incidindo na accesibilidade e eficiencia enerxética das instalacións dispoñibles e a creación de novos produtos.
- Especial compromiso para reforzar e mellorar a oferta de Albergues nas cidades galegas: 4 M€

Completadas estas actuacións, a Rede Pública contará cun total de 78 albergues.



No ano 2021 investíronse 2,4M€ só en melloras en 28 albergues de sete itinerarios, moitos deles orientados á mellora da accesibilidade e á eficiencia enerxética, un dos criterios de actuación que se estableceron no Plan de Albergues 2019-2021 dotado con 7M€ e enmarcado dentro do Plan Director do Camiño de Santiago 2015-2021 , que establecía como un dos seus eixes fundamentais de traballo a mellora da experiencia e dos servizos que se ofertan ao peregrino.

Os novos albergues da rede pública galega están dotados de dormitorios, cociña, sala de estar, lavadoiros, e contan ademais con instalacións adaptadas, e cada un deles conta, polo menos un, con aloxamento e aseo accesible para persoas con diversidade funcional.

A maiores estase a traballar con diversos concellos naqueles casos que, tendo aloxamento accesible, existen barreiras arquitectónicas do viario público polo que se accede aos mesmos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/03/2022 12:31:10  
**Nº Rexistro: 32990**  
Data envío: 28/03/2022 12:31:10.779

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/03/2022 12:31:03**

CSV: BOPGDSPG-9CeT8sCcb-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 18215**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e don Martín Seco García, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da dotación do Concello de Vilaboa cunha partida orzamentaria para mellorar a afluencia do turismo á súa vila, así como sobre a limpeza e a mellora da sinalización do Camiño de Santiago Portugués ao seu paso pola vila”**, (publicada no BOPG número 175 do 28 de xullo de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“Dende a Xunta de Galicia e a Axencia de Turismo de Galicia, vense promovendo e implementando proxectos e medidas en distintos eidos para o fomento e consolidación do turismo en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Deste xeito colaborouse en diversas actuacións que o Concello de Vilaboa solicitou para a mellora da afluencia do turismo na súa vila. Un exemplo desta colaboración é a partida que anualmente a ATG achega ao concello como apoio a Festa do Entroido de Cobres, declarada de interese turístico de Galicia no 1999.

Así mesmo é necesario lembrar as axudas que dende os diferentes departamentos da Xunta de Galicia se conceden para a promoción turística ao Xeodestino de Terras de Pontevedra do que forma parte o Concello de Vilaboa.

No ano 2021 firmouse un convenio dende a ATG co Xeodestino para a planificación, creación e consolidación do produto turístico nos seguintes ámbitos:

o Turismo creativo: “Petra no Camiño”, “Debuxando a Petra”



o Turismo gastronómico: "Cociña con arte", "Mesas con arte"

Respecto da limpeza, mellora e sinalización do Camiño, no ano 2020, o Concello tivo una axuda para actuacións de mellora paisaxística e de embelecemento dos bens no Camiño de Santiago por importe de 15.000€, polo paso do Camiño Portugués polo concello. A maiores está asinado un contrato de "servizo de operacións para a conservación integral do camiño de Santiago ao seu paso pola Comunidade Autónoma de Galicia - operacións para a conservación no camiño portugués, interior e pola costa" que comprende a conservación do camiño neste Concello.

Polo que respecta á sinalización, o trazado actual percorre a contorna dos núcleos de Bergunde, A Boullosa. O Alcouce, O Rial, Ganderón e Santa Marta..

No treito do Camiño Portugués polo concello de Vilaboa hai instaladas 13 mouteiras en todas as derivacións de camiños, esta dotación de sinais atópase tecnicamente axeitada e suficiente.

Así pois, a inversión directa da Conservación do Camiño Portugués no Concello de Vilaboa é constante polo que respecta ao mantemento do mesmo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/03/2022 13:59:12  
**Nº Rexistro: 33006**  
Data envío: 28/03/2022 13:59:12.676

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/03/2022 13:59:09**

CSV: BOPGDSPG-9CeT8sCcb-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 18253**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e don Martín Seco García, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da materialización das axudas anunciadas polo vicepresidente primeiro para a cobertura do custo dos seguros exixidos ás axencias de viaxes”**, (publicada no BOPG número 175 do 28 de xullo de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta vén colaborando desde o inicio da pandemia para paliar os problemas de liquidez das axencias de viaxe e a turoperación, a través de convenios coa Asociación de Turoperadores Receptivos de Galicia (Atrega) e a Asociación Galega de Axencias de Viaxes (Agavi), ás que apoiou con un importe de 1,3 millóns de euros; 500.000 para a primeira campaña de Galicia Destino Seguro e 800.000 para turoperadores e axencias con máis de dez empregados, así como no impulso de novos paquetes turísticos para descubrir Galicia con produtos que diversifiquen e desestacionalicen a oferta e con especial incidencia do Xacobeo 2021

A maiores, no DOG nº 34 do 19 de febreiro do 2021 publicáronse as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións ás axencias de viaxe, por un importe de 400.000€ para a cobertura do seguro e 2.000.000€ a creación e comercialización de produto e transformación dixital.

Tamén no DOG nº 37 do 24 de febreiro do 2021, publicáronse as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións ás axencias de viaxes para o mantemento do establecemento por un importe de 1,2M € nos conceptos de alugueiro ou préstamos hipotecarios dos locais onde exercen a actividade.



E no DOG nº 175 do 10 de setembro do 2021, publicáronse as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións ás axencias de viaxe para mantemento do establecemento, e se anuncia a súa segunda convocatoria para o ano 2021 por importe de 350.000 €

As bases reguladoras destas convocatorias foron elaboradas e consensuadas co Clúster de Turismo de Galicia, con AVIPO, ATREGA e AGAVI. En canto a materialización destas axudas estarase ao disposto no apartado de pagamento nas devanditas bases reguladoras.

A Xunta de Galicia ven reafirmando o seu compromiso coas axencias de viaxe que operan na comunidade como o motor de Galicia como destino seguro e da promoción do Xacobeo para axudalas a superar a crise”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/03/2022 10:26:37  
**Nº Rexistro: 32973**  
Data envío: 28/03/2022 10:26:37.923

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/03/2022 10:26:35**

CSV: BOPGDSPG-9CeT8sCcb-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 18261**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e don Martín Seco García, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun plan estratéxico termal para cada unha das catro provincias de Galicia”**, (publicada no BOPG número 175 do 28 de xullo de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“Dende a ATG apóstase por unha visión autonómica da programación e promoción do turismo termal en Galicia, a través do contacto e participación de outras administracións, organizacións, asociacións, empresas, etc, como vehículo para fortalecer esa visión conxunta de “Galicia Termal”.

Dende a ATG estase a traballar na estratexia de sustentabilidade turística en destino, como ferramenta de promoción do turismo termal.

A Estratexia materialízase en dous Programas diferenciados:

Os programas ordinarios de Sustentabilidade Turística en Destinos, no que cabe destacar a aprobación do Plan “Ourense Termal” con un orzamento de 3.099.250€ dos que a Xunta de Galicia aporta 1,35M€.

A maiores, e enmarcado na convocatoria extraordinaria de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos 2021-2024, a Axencia de Turismo de Galicia ten previsto desenvolver os seguintes plans territoriais:



- a. Plan de turismo no litoral
- b. Plan de turismo enogastronómico
- c. Plan de Vilas termais e Cascos Históricos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/03/2022 10:26:23  
**Nº Rexistro: 32971**  
Data envío: 28/03/2022 10:26:23.517

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/03/2022 10:26:20**

CSV: BOPGDSPG-9CeT8sCcb-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 18265**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun novo plan estratéxico termal para Ourense"**, (publicada no BOPG número 175 do 28 de xullo de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"O termalismo, en tanto que práctica milenaria (non esquezamos que as primeiras expresións de turismo foron a peregrinación e a cura balnearia) é hoxe en varios países de Europa un atractivo turístico fundamental, sempre asociado a contornas naturais preservadas e a experiencias turísticas únicas e saudables, polo que é fundamental continuar o impulso á mencionada estrutura do territorio, moi especialmente, actuando sobre as áreas que aínda non puideron desenvolver en todo o seu potencial a súa clara vocación turísticothermal.

Neste contexto, a convocatoria para a presentación de propostas de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos é unha oportunidade única para o establecemento e implementación dunha estratexia específica para o desenvolvemento termal dos territorios rurais da provincia de Ourense, que consolide á provincia na súa globalidade como un destino turístico e termal de excelencia, por iso é polo que está fundamentado o slogan 'Ourense, a provincia termal'.



En resposta a esta oportunidade, na convocatoria ordinaria de 2021 resultou aprobado o Plan de Sustentabilidade Turística en Destino 'Ourense Termal' con un orzamento de 3.099.250 € dos que a Xunta de Galicia aporta 1.350.000 €".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/03/2022 10:26:05**



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 18321**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e don Martín Seco García, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da elaboración e da implementación, antes do verán de 2021, dun plan de rescate específico para os servizos das festas patronais”**, (publicada no BOPG número 175 do 28 de xullo de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a estas preguntas xa foron tratados polo Goberno no seo do Pleno do Parlamento de Galicia na sesión celebrada o 28 de abril de 2021 no debate da iniciativa con número de rexistro 13535, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=N2QzZjc1OTMtYjJlMy00ZmVhLTg2NGItNDNmMGI5ZWFLZDhh&start=13572>

Na devandita sesión, o Goberno informou, entre outras cuestións, que a Xunta de Galicia veu traballando dende hai tempo para axudar aos autónomos e pemes galegas, aos do sector das festas populares, á hostalaría, ao turismo e en definitiva a todo o sector productivo galego”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/03/2022 10:26:00  
**Nº Rexistro: 32968**  
Data envío: 28/03/2022 10:26:00.392

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/03/2022 10:25:57

CSV: BOPGDSPG-9CeT8sCcb-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 18524**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carme González Iglesias e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“as medidas urxentes de apoio ao sector da hostalaría adoptadas para tratar de paliar os efectos da pandemia da covid-19”**, (publicada no BOPG número 176 do 29 de xullo de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A irrupción da covid-19 no escenario mundial está a ter efectos non só sanitarios senón tamén sociais, económicos e laborais, algúns deles máis intenso en determinados sectores como é o caso da hostalaría.

Por ese motivo, o Goberno galego tivo que adoptar actuacións que salvagardasen a actividade económica, destacando, entre outras medidas, os catro Plans de rescate desenvolvidos pola Consellería de Emprego e Igualdade.

De feito, a través dos dous primeiros Plans de rescate que o Goberno galego deseñou e executou con fondos autonómicos en apenas catro meses, cos requirimentos deseñados no seo do Diálogo Social, puxo a disposición do tecido empresarial galego (incluído o sector da hostalaría que contou con liñas específicas ademais de poder beneficiarse das xerais) 182 millóns de euros, tramitando preto de 80.000 solicitudes.

En canto ao terceiro e o cuarto Plans de Rescate, con fondos estatais, cómpre sinalar que non sucedeu o mesmo, xa que en seis meses executouse algo máis do 70% dos 234,4 millóns de euros dos fondos e recibíronse tan só 15.061 solicitudes.



Isto debeuse a que o texto estatal establecía ademais como condición para optar ás axudas estar incluído na lista de 95 actividades económicas (CNAEs) concretada no Anexo I, se ben nunha modificación posterior do decreto estatal autorizouse ás comunidades autónomas a incrementar a lista de CNAEs coa debida xustificación.

De acordo co pactado no Diálogo Social e na Mesa de Autónomos, a Xunta decidiu estender as axudas a todas as actividades económicas, e non só aos CNAEs que aparecen no real decreto, sempre e cando puideran acreditar unha caída do volume de operacións dun 40% ou máis, o que demostraría unha clara afección ao negocio por mor da pandemia.

Co obxectivo de garantir a maior axilidade posible, minimizando a burocracia do real decreto, o Goberno galego aplicou o mesmo criterio que no primeiro e segundo Plans de rescate, é dicir, os beneficiarios recibirían anticipadamente o 100% do importe coa presentación dunha declaración responsable, debendo entregar os xustificantes correspondentes no prazo de 3 meses desde a recepción da axuda. Deste xeito, non foi necesario documentar o cumprimento de todos os complexos requisitos esixidos polo Estado como paso previo para acceder ao diñeiro.

A distribución dos fondos, pactada cos interlocutores sociais, priorizou a autónomos e pequenos empresarios, que conforman o 97% do tecido produtivo de Galicia, reservando como mínimo o 85% do importe do III Plan de Rescate, é dicir, os 200 millóns de euros do primeiro e o segundo para programas de apoio.

O Real Decreto-lei 5/2021 que deu soporte ao III Plan de Rescate foi modificado polo Real decreto lei 6/2021, e posteriormente polo Real Decreto-lei 17/2021, de 14 de setembro.

Esta última modificación outorgou unha nova redacción ao artigo 1 do Real Decreto-lei 5/2021, recollendo expresamente a posibilidade de que estas axudas puideran aplicarse tamén á compensación de custos fixos non cubertos, incluídas as perdas contables, á vez que ampliaba en catro meses (desde o 31 de maio ata o 30 de setembro de 2021) o prazo de cobertura das axudas para a imputación de débeda a provedores e outros acredores, financeiros e non financeiros, que estiveran pendentes o 30 de setembro de 2021.



Á vista desta modificación, e rematado o prazo de presentación de solicitudes no III Plan Rescate da Xunta de Galicia, constatouse que se ten presentado un número reducido de solicitudes en relación cos plans precedentes, dadas as cargas burocráticas e as limitacións nos importes impostas polo Real Decreto-lei 5/2021. Ademais a complexidade na xestión das axudas reguladas nese III Plan Rescate aconsellou a publicación urxente dunha nova convocatoria no canto de realizar unha nova modificación nas bases reguladoras do antedito III Plan, de xeito que o IV Plan de Rescate da Xunta de Galicia puidera achegar maior axilidade na xestión, permitindo o acceso a novas persoas e entidades beneficiarias e completar ata o 30 de setembro de 2021 o prazo de cobertura das achegas.

As axudas contempladas neste IV Plan, ás que tivo tamén acceso o sector da hostalería, son finalistas, destinadas a satisfacer pagos a provedores e acredores, financeiros ou non financeiros, así como a compensar os custos fixos en que se incorreu, sempre e cando estes se xeraran entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de setembro de 2021 e procederan de contratos anteriores ao 13 de marzo de 2021 (data entrada en vigor do Real Decreto-lei 5/2021)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/03/2022 10:25:53  
**Nº Rexistro: 32967**  
Data envío: 28/03/2022 10:25:53.408

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/03/2022 10:25:50**

CSV: BOPGDSPG-9CeT8sCcb-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 18545**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para a recuperación da hostalaría e das actividades relacionadas co turismo e para consensuar actuacións económico-sociais cunha representación ampla e plural das diferentes ramas de actividade do sector”**, (publicada no BOPG número 176 do 29 de xullo de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A irrupción da covid-19 no escenario mundial está a ter efectos non só sanitarios senón tamén sociais, económicos e laborais, algúns deles máis intenso en determinados sectores como é o caso da hostalaría.

Por ese motivo, o Goberno galego tivo que adoptar actuacións que salvagardasen a actividade económica, destacando, entre outras medidas, os catro Plans de rescate desenvolvidos pola Consellería de Emprego e Igualdade.

De feito, a través dos dous primeiros Plans de rescate que o Goberno galego deseñou e executou con fondos autonómicos en apenas catro meses, cos requirimentos deseñados no seo do Diálogo Social, puxo a disposición do tecido empresarial galego (incluído o sector da hostalaría que contou con liñas específicas ademais de poder beneficiarse das xerais) 182 millóns de euros, tramitando preto de 80.000 solicitudes.

En canto ao terceiro e o cuarto Plans de Rescate, con fondos estatais, cómpre sinalar que non sucedeu o mesmo, xa que en seis meses executouse algo máis do 70% dos 234,4 millóns de euros dos fondos e recibíronse tan só 15.061 solicitudes.



Isto debeuse a que o texto estatal establecía ademais como condición para optar ás axudas estar incluído na lista de 95 actividades económicas (CNAEs) concretada no Anexo I, se ben nunha modificación posterior do decreto estatal autorizouse ás comunidades autónomas a incrementar a lista de CNAEs coa debida xustificación.

De acordo co pactado no Diálogo Social e na Mesa de Autónomos, a Xunta decidiu estender as axudas a todas as actividades económicas, e non só aos CNAEs que aparecen no real decreto, sempre e cando puideran acreditar unha caída do volume de operacións dun 40% ou máis, o que demostraría unha clara afección ao negocio por mor da pandemia.

Co obxectivo de garantir a maior axilidade posible, minimizando a burocracia do real decreto, o Goberno galego aplicou o mesmo criterio que no primeiro e segundo Plans de rescate, é dicir, os beneficiarios recibirían anticipadamente o 100% do importe coa presentación dunha declaración responsable, debendo entregar os xustificantes correspondentes no prazo de 3 meses desde a recepción da axuda. Deste xeito, non foi necesario documentar o cumprimento de todos os complexos requisitos esixidos polo Estado como paso previo para acceder ao diñeiro.

A distribución dos fondos, pactada cos interlocutores sociais, priorizou a autónomos e pequenos empresarios, que conforman o 97% do tecido produtivo de Galicia, reservando como mínimo o 85% do importe do III Plan de Rescate, é dicir, os 200 millóns de euros do primeiro e o segundo para programas de apoio.

O Real Decreto-lei 5/2021 que deu soporte ao III Plan de Rescate foi modificado polo Real decreto lei 6/2021, e posteriormente polo Real Decreto-lei 17/2021, de 14 de setembro.

Esta última modificación outorgou unha nova redacción ao artigo 1 do Real Decreto-lei 5/2021, recollendo expresamente a posibilidade de que estas axudas puideran aplicarse tamén á compensación de custos fixos non cubertos, incluídas as perdas contables, á vez que ampliaba en catro meses (desde o 31 de maio ata o 30 de setembro de 2021) o prazo de cobertura das axudas para a imputación de débeda a provedores e outros acredores, financeiros e non financeiros, que estiveran pendentes o 30 de setembro de 2021.





Á vista desta modificación, e rematado o prazo de presentación de solicitudes no III Plan Rescate da Xunta de Galicia, constatouse que se ten presentado un número reducido de solicitudes en relación cos plans precedentes, dadas as cargas burocráticas e as limitacións nos importes impostas polo Real Decreto-lei 5/2021. Ademais a complexidade na xestión das axudas reguladas nese III Plan Rescate aconsellou a publicación urxente dunha nova convocatoria no canto de realizar unha nova modificación nas bases reguladoras do antedito III Plan, de xeito que o IV Plan de Rescate da Xunta de Galicia puidera achegar maior axilidade na xestión, permitindo o acceso a novas persoas e entidades beneficiarias e completar ata o 30 de setembro de 2021 o prazo de cobertura das achegas.

As axudas contempladas neste IV Plan, ás que tivo tamén acceso o sector da hostalería, son finalistas, destinadas a satisfacer pagos a provedores e acredores, financeiros ou non financeiros, así como a compensar os custos fixos en que se incorreu, sempre e cando estes se xeraran entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de setembro de 2021 e procederan de contratos anteriores ao 13 de marzo de 2021 (data entrada en vigor do Real Decreto-lei 5/2021)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/03/2022 10:25:46  
**Nº Rexistro: 32966**  
Data envío: 28/03/2022 10:25:46.080

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/03/2022 10:25:43

CSV: BOPGDSPG-9CeT8sCcb-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 18624**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a adopción por parte do Goberno galego, a teor do recrutamento dos efectos da covid-19, de novas medidas de axuda directa no sector da hostalaría ”**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A irrupción da covid-19 no escenario mundial está a ter efectos non só sanitarios senón tamén sociais, económicos e laborais, algúns deles máis intenso en determinados sectores como é o caso da hostalaría.

Por ese motivo, o Goberno galego tivo que adoptar actuacións que salvagardasen a actividade económica, destacando, entre outras medidas, os catro Plans de rescate desenvolvidos pola Consellería de Emprego e Igualdade.

De feito, a través dos dous primeiros Plans de rescate que o Goberno galego deseñou e executou con fondos autonómicos en apenas catro meses, cos requirimentos deseñados no seo do Diálogo Social, puxo a disposición do tecido empresarial galego (incluído o sector da hostalaría que contou con liñas específicas ademais de poder beneficiarse das xerais) 182 millóns de euros, tramitando preto de 80.000 solicitudes.

En canto ao terceiro e o cuarto Plans de Rescate, con fondos estatais, cómpre sinalar que non sucedeu o mesmo, xa que en seis meses executouse algo máis do 70% dos 234,4 millóns de euros dos fondos e recibíronse tan só 15.061 solicitudes.



Isto debeuse a que o texto estatal establecía ademais como condición para optar ás axudas estar incluído na lista de 95 actividades económicas (CNAEs) concretada no Anexo I, se ben nunha modificación posterior do decreto estatal autorizouse ás comunidades autónomas a incrementar a lista de CNAEs coa debida xustificación.

De acordo co pactado no Diálogo Social e na Mesa de Autónomos, a Xunta decidiu estender as axudas a todas as actividades económicas, e non só aos CNAEs que aparecen no real decreto, sempre e cando puideran acreditar unha caída do volume de operacións dun 40% ou máis, o que demostraría unha clara afección ao negocio por mor da pandemia.

Co obxectivo de garantir a maior axilidade posible, minimizando a burocracia do real decreto, o Goberno galego aplicou o mesmo criterio que no primeiro e segundo Plans de rescate, é dicir, os beneficiarios recibirían anticipadamente o 100% do importe coa presentación dunha declaración responsable, debendo entregar os xustificantes correspondentes no prazo de 3 meses desde a recepción da axuda. Deste xeito, non foi necesario documentar o cumprimento de todos os complexos requisitos esixidos polo Estado como paso previo para acceder ao diñeiro.

A distribución dos fondos, pactada cos interlocutores sociais, priorizou a autónomos e pequenos empresarios, que conforman o 97% do tecido produtivo de Galicia, reservando como mínimo o 85% do importe do III Plan de Rescate, é dicir, os 200 millóns de euros do primeiro e o segundo para programas de apoio.

O Real Decreto-lei 5/2021 que deu soporte ao III Plan de Rescate foi modificado polo Real decreto lei 6/2021, e posteriormente polo Real Decreto-lei 17/2021, de 14 de setembro.

Esta última modificación outorgou unha nova redacción ao artigo 1 do Real Decreto-lei 5/2021, recollendo expresamente a posibilidade de que estas axudas puideran aplicarse tamén á compensación de custos fixos non cubertos, incluídas as perdas contables, á vez que ampliaba en catro meses (desde o 31 de maio ata o 30 de setembro de 2021) o prazo de cobertura das axudas para a imputación de débeda a provedores e outros acredores, financeiros e non financeiros, que estiveran pendentes o 30 de setembro de 2021.





Á vista desta modificación, e rematado o prazo de presentación de solicitudes no III Plan Rescate da Xunta de Galicia, constatouse que se ten presentado un número reducido de solicitudes en relación cos plans precedentes, dadas as cargas burocráticas e as limitacións nos importes impostas polo Real Decreto-lei 5/2021. Ademais a complexidade na xestión das axudas reguladas nese III Plan Rescate aconsellou a publicación urxente dunha nova convocatoria no canto de realizar unha nova modificación nas bases reguladoras do antedito III Plan, de xeito que o IV Plan de Rescate da Xunta de Galicia puidera achegar maior axilidade na xestión, permitindo o acceso a novas persoas e entidades beneficiarias e completar ata o 30 de setembro de 2021 o prazo de cobertura das achegas.

As axudas contempladas neste IV Plan, ás que tivo tamén acceso o sector da hostalería, son finalistas, destinadas a satisfacer pagos a provedores e acredores, financeiros ou non financeiros, así como a compensar os custos fixos en que se incorreu, sempre e cando estes se xeraran entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de setembro de 2021 e procederan de contratos anteriores ao 13 de marzo de 2021 (data entrada en vigor do Real Decreto-lei 5/2021)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/03/2022 10:25:38  
**Nº Rexistro: 32965**  
Data envío: 28/03/2022 10:25:38.596

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/03/2022 10:25:35**

CSV: BOPGDSPG-9CeT8sCcb-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 19027**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a actuación do Goberno da Xunta para impulsar un proxecto de recuperación da memoria democrática das mulleres galegas co fin de as visibilizar e recoñecer a represión que sufriron e o papel vertebrador que tiveron na loita pola democracia e a autonomía galega"**, (publicada no BOPG número 185 do 11 de agosto de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A conselleira de Emprego e Igualdade, deu resposta, o 10 de marzo de 2021, a unha pregunta urxente formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, número de rexistro 11950, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do impulso dun proxecto de recuperación da memoria democrática das mulleres galegas.

Un dos compromisos do Goberno galego é o fortalecemento das accións en prol da igualdade de xénero e de oportunidades, actuacións que se articulan en base ao principio de transversalidade, debendo polo tanto estar presente en cada unha das áreas.

Por ese motivo, a Xunta de Galicia está a poñer en valor a memoria democrática das mulleres galegas exemplares e traballa para dar a coñecer entre os máis novos o seu papel. Mostra destes proxectos de recuperación da memoria democrática son os materiais didácticos sobre a igualdade de xénero no ámbito educativo, que poñen en valor a memoria histórica das mulleres senlleiras da Comunidade.



Remitimos o enlace á resposta:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?  
id=ZTBmNzMyMDMtOTQ5MS00ODJiLWlzNGUtODA1MzMzOWU0NjZl&start=5198](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTBmNzMyMDMtOTQ5MS00ODJiLWlzNGUtODA1MzMzOWU0NjZl&start=5198)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/03/2022 13:59:04  
**Nº Rexistro: 33005**  
Data envío: 28/03/2022 13:59:04.629

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/03/2022 13:59:01**

CSV: BOPGDSPG-9CeT8sCcb-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 19159**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto dea apertura dunha liña de axudas para a hostalaría das comarcas afectadas polas últimas restricións”**, (publicada no BOPG número 186 do 12 de agosto de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A irrupción da covid-19 no escenario mundial está a ter efectos non só sanitarios senón tamén sociais, económicos e laborais, algúns deles máis intenso en determinados sectores como é o caso da hostalaría.

Por ese motivo, o Goberno galego tivo que adoptar actuacións que salvagardasen a actividade económica, destacando, entre outras medidas, os catro Plans de rescate desenvolvidos pola Consellería de Emprego e Igualdade.

De feito, a través dos dous primeiros Plans de rescate que o Goberno galego deseñou e executou con fondos autonómicos en apenas catro meses, cos requirimentos deseñados no seo do Diálogo Social, puxo a disposición do tecido empresarial galego (incluído o sector da hostalaría que contou con liñas específicas ademais de poder beneficiarse das xerais) 182 millóns de euros, tramitando preto de 80.000 solicitudes.

En canto ao terceiro e o cuarto Plans de Rescate, con fondos estatais, cómpre sinalar que non sucedeu o mesmo, xa que en seis meses executouse algo máis do 70% dos 234,4 millóns de euros dos fondos e recibíronse tan só 15.061 solicitudes.



Isto debeuse a que o texto estatal establecía ademais como condición para optar ás axudas estar incluído na lista de 95 actividades económicas (CNAEs) concretada no Anexo I, se ben nunha modificación posterior do decreto estatal autorizouse ás comunidades autónomas a incrementar a lista de CNAEs coa debida xustificación.

De acordo co pactado no Diálogo Social e na Mesa de Autónomos, a Xunta decidiu estender as axudas a todas as actividades económicas, e non só aos CNAEs que aparecen no real decreto, sempre e cando puideran acreditar unha caída do volume de operacións dun 40% ou máis, o que demostraría unha clara afección ao negocio por mor da pandemia.

Co obxectivo de garantir a maior axilidade posible, minimizando a burocracia do real decreto, o Goberno galego aplicou o mesmo criterio que no primeiro e segundo Plans de rescate, é dicir, os beneficiarios recibirían anticipadamente o 100% do importe coa presentación dunha declaración responsable, debendo entregar os xustificantes correspondentes no prazo de 3 meses desde a recepción da axuda. Deste xeito, non foi necesario documentar o cumprimento de todos os complexos requisitos esixidos polo Estado como paso previo para acceder ao diñeiro.

A distribución dos fondos, pactada cos interlocutores sociais, priorizou a autónomos e pequenos empresarios, que conforman o 97% do tecido produtivo de Galicia, reservando como mínimo o 85% do importe do III Plan de Rescate, é dicir, os 200 millóns de euros do primeiro e o segundo para programas de apoio.

O Real Decreto-lei 5/2021 que deu soporte ao III Plan de Rescate foi modificado polo Real decreto lei 6/2021, e posteriormente polo Real Decreto-lei 17/2021, de 14 de setembro.

Esta última modificación outorgou unha nova redacción ao artigo 1 do Real Decreto-lei 5/2021, recollendo expresamente a posibilidade de que estas axudas puideran aplicarse tamén á compensación de custos fixos non cubertos, incluídas as perdas contables, á vez que ampliaba en catro meses (desde o 31 de maio ata o 30 de setembro de 2021) o prazo de cobertura das axudas para a imputación de débeda a provedores e outros acredores, financeiros e non financeiros, que estiveran pendentes o 30 de setembro de 2021.





Á vista desta modificación, e rematado o prazo de presentación de solicitudes no III Plan Rescate da Xunta de Galicia, constatouse que se ten presentado un número reducido de solicitudes en relación cos plans precedentes, dadas as cargas burocráticas e as limitacións nos importes impostas polo Real Decreto-lei 5/2021. Ademais a complexidade na xestión das axudas reguladas nese III Plan Rescate aconsellou a publicación urxente dunha nova convocatoria no canto de realizar unha nova modificación nas bases reguladoras do antedito III Plan, de xeito que o IV Plan de Rescate da Xunta de Galicia puidera achegar maior axilidade na xestión, permitindo o acceso a novas persoas e entidades beneficiarias e completar ata o 30 de setembro de 2021 o prazo de cobertura das achegas.

As axudas contempladas neste IV Plan, ás que tivo tamén acceso o sector da hostalería, son finalistas, destinadas a satisfacer pagos a provedores e acredores, financeiros ou non financeiros, así como a compensar os custos fixos en que se incorreu, sempre e cando estes se xeraran entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de setembro de 2021 e procederan de contratos anteriores ao 13 de marzo de 2021 (data entrada en vigor do Real Decreto-lei 5/2021)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 31/03/2022 10:08:36  
**Nº Rexistro: 33179**  
Data envío: 31/03/2022 10:08:36.100

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/03/2022 10:08:33**

CSV: BOPGDSPG-9CeT8sCcb-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 19372**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da apertura dunha liña de axudas para a hostalaría, especialmente para o sector do ocio nocturno”**, (publicada no BOPG número 181 do 5 de agosto de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A irrupción da covid-19 no escenario mundial está a ter efectos non só sanitarios senón tamén sociais, económicos e laborais, algúns deles máis intenso en determinados sectores como é o caso da hostalaría.

Por ese motivo, o Goberno galego tivo que adoptar actuacións que salvagardasen a actividade económica, destacando, entre outras medidas, os catro Plans de rescate desenvolvidos pola Consellería de Emprego e Igualdade.

De feito, a través dos dous primeiros Plans de rescate que o Goberno galego deseñou e executou con fondos autonómicos en apenas catro meses, cos requirimentos deseñados no seo do Diálogo Social, puxo a disposición do tecido empresarial galego (incluído o sector da hostalaría que contou con liñas específicas ademais de poder beneficiarse das xerais) 182 millóns de euros, tramitando preto de 80.000 solicitudes.

En canto ao terceiro e o cuarto Plans de Rescate, con fondos estatais, cómpre sinalar que non sucedeu o mesmo, xa que en seis meses executouse algo máis do 70% dos 234,4 millóns de euros dos fondos e recibíronse tan só 15.061 solicitudes.



Isto debeuse a que o texto estatal establecía ademais como condición para optar ás axudas estar incluído na lista de 95 actividades económicas (CNAEs) concretada no Anexo I, se ben nunha modificación posterior do decreto estatal autorizouse ás comunidades autónomas a incrementar a lista de CNAEs coa debida xustificación.

De acordo co pactado no Diálogo Social e na Mesa de Autónomos, a Xunta decidiu estender as axudas a todas as actividades económicas, e non só aos CNAEs que aparecen no real decreto, sempre e cando puideran acreditar unha caída do volume de operacións dun 40% ou máis, o que demostraría unha clara afección ao negocio por mor da pandemia.

Co obxectivo de garantir a maior axilidade posible, minimizando a burocracia do real decreto, o Goberno galego aplicou o mesmo criterio que no primeiro e segundo Plans de rescate, é dicir, os beneficiarios recibirían anticipadamente o 100% do importe coa presentación dunha declaración responsable, debendo entregar os xustificantes correspondentes no prazo de 3 meses desde a recepción da axuda. Deste xeito, non foi necesario documentar o cumprimento de todos os complexos requisitos esixidos polo Estado como paso previo para acceder ao diñeiro.

A distribución dos fondos, pactada cos interlocutores sociais, priorizou a autónomos e pequenos empresarios, que conforman o 97% do tecido produtivo de Galicia, reservando como mínimo o 85% do importe do III Plan de Rescate, é dicir, os 200 millóns de euros do primeiro e o segundo para programas de apoio.

O Real Decreto-lei 5/2021 que deu soporte ao III Plan de Rescate foi modificado polo Real decreto lei 6/2021, e posteriormente polo Real Decreto-lei 17/2021, de 14 de setembro.

Esta última modificación outorgou unha nova redacción ao artigo 1 do Real Decreto-lei 5/2021, recollendo expresamente a posibilidade de que estas axudas puideran aplicarse tamén á compensación de custos fixos non cubertos, incluídas as perdas contables, á vez que ampliaba en catro meses (desde o 31 de maio ata o 30 de setembro de 2021) o prazo de cobertura das axudas para a imputación de débeda a provedores e outros acredores, financeiros e non financeiros, que estiveran pendentes o 30 de setembro de 2021.





Á vista desta modificación, e rematado o prazo de presentación de solicitudes no III Plan Rescate da Xunta de Galicia, constatouse que se ten presentado un número reducido de solicitudes en relación cos plans precedentes, dadas as cargas burocráticas e as limitacións nos importes impostas polo Real Decreto-lei 5/2021. Ademais a complexidade na xestión das axudas reguladas nese III Plan Rescate aconsellou a publicación urxente dunha nova convocatoria no canto de realizar unha nova modificación nas bases reguladoras do antedito III Plan, de xeito que o IV Plan de Rescate da Xunta de Galicia puidera achegar maior axilidade na xestión, permitindo o acceso a novas persoas e entidades beneficiarias e completar ata o 30 de setembro de 2021 o prazo de cobertura das achegas.

As axudas contempladas neste IV Plan, ás que tivo tamén acceso o sector da hostalería, son finalistas, destinadas a satisfacer pagos a provedores e acredores, financeiros ou non financeiros, así como a compensar os custos fixos en que se incorreu, sempre e cando estes se xeraran entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de setembro de 2021 e procederan de contratos anteriores ao 13 de marzo de 2021 (data entrada en vigor do Real Decreto-lei 5/2021)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/03/2022 10:25:09  
**Nº Rexistro: 32961**  
Data envío: 28/03/2022 10:25:09.487

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/03/2022 10:25:06**

CSV: BOPGDSPG-9CeT8sCcb-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 20765**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e don Martín Seco García, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia de elaborar un plan de reactivación da hostalaría"**, (publicada no BOPG número 197 do 9 de setembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A irrupción da covid-19 no escenario mundial está a ter efectos non só sanitarios senón tamén sociais, económicos e laborais, algúns deles máis intenso en determinados sectores como é o caso da hostalaría.

Por ese motivo, o Goberno galego tivo que adoptar actuacións que salvagardasen a actividade económica, destacando, entre outras medidas, os catro Plans de rescate desenvolvidos pola Consellería de Emprego e Igualdade.

De feito, a través dos dous primeiros Plans de rescate que o Goberno galego deseñou e executou con fondos autonómicos en apenas catro meses, cos requirimentos deseñados no seo do Diálogo Social, puxo a disposición do tecido empresarial galego (incluído o sector da hostalaría que contou con liñas específicas ademais de poder beneficiarse das xerais) 182 millóns de euros, tramitando preto de 80.000 solicitudes.

En canto ao terceiro e o cuarto Plans de Rescate, con fondos estatais, cómpre sinalar que non sucedeu o mesmo, xa que en seis meses executouse algo máis do 70% dos 234,4 millóns de euros dos fondos e recibíronse tan só 15.061 solicitudes.



Isto debeuse a que o texto estatal establecía ademais como condición para optar ás axudas estar incluído na lista de 95 actividades económicas (CNAEs) concretada no Anexo I, se ben nunha modificación posterior do decreto estatal autorizouse ás comunidades autónomas a incrementar a lista de CNAEs coa debida xustificación.

De acordo co pactado no Diálogo Social e na Mesa de Autónomos, a Xunta decidiu estender as axudas a todas as actividades económicas, e non só aos CNAEs que aparecen no real decreto, sempre e cando puideran acreditar unha caída do volume de operacións dun 40% ou máis, o que demostraría unha clara afección ao negocio por mor da pandemia.

Co obxectivo de garantir a maior axilidade posible, minimizando a burocracia do real decreto, o Goberno galego aplicou o mesmo criterio que no primeiro e segundo Plans de rescate, é dicir, os beneficiarios recibirían anticipadamente o 100% do importe coa presentación dunha declaración responsable, debendo entregar os xustificantes correspondentes no prazo de 3 meses desde a recepción da axuda. Deste xeito, non foi necesario documentar o cumprimento de todos os complexos requisitos esixidos polo Estado como paso previo para acceder ao diñeiro.

A distribución dos fondos, pactada cos interlocutores sociais, priorizou a autónomos e pequenos empresarios, que conforman o 97% do tecido produtivo de Galicia, reservando como mínimo o 85% do importe do III Plan de Rescate, é dicir, os 200 millóns de euros do primeiro e o segundo para programas de apoio.

O Real Decreto-lei 5/2021 que deu soporte ao III Plan de Rescate foi modificado polo Real decreto lei 6/2021, e posteriormente polo Real Decreto-lei 17/2021, de 14 de setembro.

Esta última modificación outorgou unha nova redacción ao artigo 1 do Real Decreto-lei 5/2021, recollendo expresamente a posibilidade de que estas axudas puideran aplicarse tamén á compensación de custos fixos non cubertos, incluídas as perdas contables, á vez que ampliaba en catro meses (desde o 31 de maio ata o 30 de setembro de 2021) o prazo de cobertura das axudas para a imputación de débeda a provedores e outros acredores, financeiros e non financeiros, que estiveran pendentes o 30 de setembro de 2021.



Á vista desta modificación, e rematado o prazo de presentación de solicitudes no III Plan Rescate da Xunta de Galicia, constatouse que se ten presentado un número reducido de solicitudes en relación cos plans precedentes, dadas as cargas burocráticas e as limitacións nos importes impostas polo Real Decreto-lei 5/2021. Ademais a complexidade na xestión das axudas reguladas nese III Plan Rescate aconsellou a publicación urxente dunha nova convocatoria no canto de realizar unha nova modificación nas bases reguladoras do antedito III Plan, de xeito que o IV Plan de Rescate da Xunta de Galicia puidera achegar maior axilidade na xestión, permitindo o acceso a novas persoas e entidades beneficiarias e completar ata o 30 de setembro de 2021 o prazo de cobertura das achegas.

As axudas contempladas neste IV Plan, ás que tivo tamén acceso o sector da hostalería, son finalistas, destinadas a satisfacer pagos a provedores e acredores, financeiros ou non financeiros, así como a compensar os custos fixos en que se incorreu, sempre e cando estes se xeraran entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de setembro de 2021 e procederan de contratos anteriores ao 13 de marzo de 2021 (data entrada en vigor do Real Decreto-lei 5/2021)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/03/2022 12:30:19  
**Nº Rexistro: 32987**  
Data envío: 28/03/2022 12:30:19.640

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/03/2022 12:29:59**

CSV: BOPGDSPG-9CeT8sCcb-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 20816**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os incumprimentos dos pregos de condicións do Centro de Día Interxeracional da Farixa en Ourense e a supervisión e inspección do mesmo pola Xunta de Galicia”**, (publicada no BOPG número 197 do 9 de setembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Centro Interxeneracional de Ourense é un recurso público, composto por unha escola infantil e un centro de día para maiores dependentes. Forma parte da rede de centros públicos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Consellería de Política Social. O centro de día está xestionado, desde febreiro de 2019, pola empresa Atendo Calidade S.L. mediante un contrato de servizo.

Para este tipo de contratos, persoal técnico da administración pública, neste caso do Consorcio Galego, fai seguimento periódico mensual do contrato e da resposta inmediata a calquera cuestión sobrevida nas tarefas de funcionamento do centro, garantindo a boa calidade nos cuidados dos usuarios e o cumprimento das condicións expresadas nos pregos de licitación que rexen o contrato en canto a: ratio de persoal, guía de procedementos, mantemento...etc, garantindo en todo momento o cumprimento dos criterios de persoal esixidos pola lexislación vixente.

Así, tal como se recolle nos pregos técnicos, a ratio de persoal adscrita aos centros de día da rede do Consorcio, faise tendo en conta os criterios referentes aos



mínimos esixibles, que en ningún caso son inferiores ao seguinte:

- Persoal de atención directa. Persoal xerocultor. Ratio mínima de 0,16 profesionais por persoa usuaria.
- Titulados medios ou superiores. Ratio mínima de 0,075 profesionais por persoa usuaria.
- Responsable do centro. A empresa adjudicataria designará unha persoa responsable con formación no ámbito dos servizos sociais e xerontolóxicos.

No centro de día de Ourense, cunha ocupación máxima actual de 40 usuarios, estas ratios son superiores, tendo contratados a: seis xerocultores, unha traballadora social, unha terapeuta ocupacional e un responsable do centro, todos eles a xornada completa. Con xornada parcial o cadro de persoal complétase con: un sétimo xerocultor, un psicólogo, unha educadora social e unha profesional para labores xerais de limpeza.

Cabe salientar que as labores xerais de limpeza son realizadas con eficacia polo persoal contratado para tal fin, dando cumprimento ao plan de limpeza incorporado no seu proxecto.

As incidencias sobrevidas nestes tres anos de actividade, tendo feito fronte a pandemia da COVID19, foron mínimas e todas satisfactoria e inmediatamente resoltas. Nunca relativas a cuestións de persoal.

E no relativo a xestión da pandemia da COVID-19, o Centro Interxeneracional de Ourense permaneceu pechado, en cumprimento das correspondentes ordes, a partir do 13 de marzo de 2020, reabrindo a parte abdicada a centro de día o 15 de xullo dese ano. Para tal fin, todos os centros de día públicos pertencentes a rede do Consorcio Galego da Consellería de Política Social, adaptaron o "Plan de acción para a prevención do contaxio da Covid-19", ás características específicas de cada un deles.



Así o fixo o Centro de día de Ourense, actualizando dito plan en función dos procedementos, normativas ou protocolos posteriormente aprobados e publicados polas autoridades sanitarias e de política social.

Previamente a apertura do 15 de xullo, recibiron a conformidade do Plan por parte da Área Sanitaria de Ourense.

En canto á formación ofrecida ao seu persoal para a xestión desta nova situación, fíxose de diversas maneiras: estudo e comprensión por pare de todo o persoal do antedito Plan de acción, formación específica en COVID-19 a cargo da súa compañía de prevención de riscos laborais e participación no curso de xestión da COVID-19 en recursos de política social ofrecido a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas Dependentes da Consellería de Política Social.

No referente ás inspeccións, tendo en conta a excepcionalidade do ano 2020”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/03/2022 10:08:23





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 20909**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o turismo de autocaravana no concello de Ourense”**, (publicada no BOPG número 197 do 9 de setembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“Sobre as competencias da administración autonómica só recae o desenvolvemento deste tipo de turismo en lugares específicos tales como campamentos ou campings, e por iso o regula a través do Decreto 159/2019, do 21 de novembro (DOG núm. 246, do 27 de decembro).

No caso de atoparse fora destas instalacións, é dicir en tránsito, a competencia recae sobre a administración local onde se atope.

A partir desta autonomía que lle é conferida aos concellos a través da lexislación anteriormente mencionada, será cada entidade local en función da promoción turística que entenda convinte desenvolver para o seu territorio, a única administración competente para habilitar espazos para este tipo de turismo.

O goberno galego sempre se ten amosado a carón de todas aquelas iniciativas que teñan por finalidade a mellora na promoción turística de Galicia como un destino seguro e de calidade.



A Lei 7/2011, do 27 de outubro, de Turismo de Galicia, recolle no seu artigo 66.5 que poderán establecerse zonas especiais de acollida exclusivamente para autocaravanas e caravanas en tránsito consistentes en espazos de terreo debidamente delimitados, nos que a súa estancia non poderá superar unha noite e cuxa competencia sobre a regulación e o control recae sobre a administración local onde se ubiquen”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/03/2022 13:59:38  
**Nº Rexistro: 33008**  
Data envío: 28/03/2022 13:59:38.050

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/03/2022 13:59:34**

CSV: BOPGDSPG-9CeT8sCcb-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 22988**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os futuros usos do Hospital Provincial de Pontevedra"**, (publicada no BOPG número 211 do 7 de outubro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

"No hospital provincial de Pontevedra proxectouse nun primeiro momento unha residencia que formaba parte no Plan Como na casa, co que se construírían sete residencias públicas nas sete cidades galegas.

Este mesmo plan estase a elaborar da man da Fundación Amancio Ortega, que será o encargado de financiar e construír os inmobles que formarán parte da rede pública de residencias da Xunta.

Ao ter que demoler o antigo edificio do hospital, decidiuse emprazar a residencia nunha nova localización. Así, finalmente en Pontevedra vaise poñer en marcha esta residencia nunha localización inmellorable, nunha parcela na Eiriña cedida polo Concello.

Será un dos centros máis avanzados de Europa e contará con 120 prazas públicas, requirirá un investimento de 12 millóns de euros e permitirá a creación de 115 postos de traballo no ámbito dos coidados. A nova residencia contará cun equipamento de vangarda e con servizos innovadores como as unidades psioxeriatricas, especializadas na abordaxe do Alzheimer e outras demencias".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 31/03/2022 10:08:18**  
**Nº Rexistro: 33177**  
Data envío: 31/03/2022 10:08:18.741

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/03/2022 10:08:15**

CSV: BOPGDSPG-9CeT8sCcb-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 23793** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a ampliación e reforma da nave de redeiras de Cangas”**, (publicada no BOPG número 218 do 28 de outubro de 2021) ,convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Portos de Galicia dispón de máis de 20 edificios destinados a Naves de Redes. Xeralmente son autorizacións ou concesións das confrarías de pescadores que ceden á actividade de reparación de redes ou están xestionadas directamente por asociacións de redeiras.

En Portos de Galicia coñecen ao sector, co cal mantiveron diversas reunións, a última delas foi coa Asociación Nacional de Mujeres da Pesca (Anmupesca) o 20 de decembro de 2021 onde se trataron temas específicos de necesidades relacionados coa actividade das redeiras.

Portos de Galicia enfrontou un gasto próximo aos 550.000 € ao longo de 2020 e 2021 en 12 instalacións de redes repartidas por toda a costa (entre as que se inclúe a mellora do alumado da nave de redes de Cangas) máis da metade dos edificios destinados a reparación de redes.

Pero existen outras posibilidades de investir buscando solucións que se adapten ás necesidades específicas, como a:

ORDE de axudas para proxectos colectivos de modernización das infraestruturas dos portos pesqueiros, das lonxas ou establecementos autorizados para a primeira venda de produtos pesqueiros e dos lugares de desembarque, para a mellora da eficiencia enerxética, da protección do ambiente, da seguridade e das condicións de traballo, e da calidade e do



control e rastrexabilidade dos produtos desembarcados da pesca, cofinanciada polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP)

ORDE de axudas, en a proxectos de cooperación interterritoriais e transnacionais dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020, ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP)“.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/03/2022 13:59:31  
**Nº Rexistro: 33007**  
Data envío: 28/03/2022 13:59:31.191

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/03/2022 13:59:28**

CSV: BOPGDSPG-9CeT8sCcb-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 24880**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os prexuízos provocados polas obras de acondicionamento da Vía da Prata na parroquia de Torneiros, en Allariz”**, (publicada no BOPG número 232 do 24 de novembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“Dende a ATG, dentro dos Plans de mantemento integral dos diferentes Camiños de Santiago, realízanse multitude de obras de mellora e acondicionamento en diversos puntos do percorrido dos camiños, algunhas delas de actuación mais importante e outras de menor impacto.

No caso ao que se refire a pregunta, foi unha da obra feita no mes de setembro de 2021 na parroquia de San Miguel de Torneiros (Allariz).

A obra consistiu na colocación de 100ml de pedra na parte central co Camiño para posibilitar o acceso peonil por ese tramo ao ser unha zona que se encharcaba moito de auga, e no inverno non se pasaba andando. A maiores colocouse unha varanda de madeira xunta a fonte para facilitar o acceso a mesma.

Non constan na ATG que por parte do Concello de Allariz ou de algunha asociación veciñal presentáranse queixas ao respecto da execución desta obra ou de problemas de acceso ás fincas para poder traballar nelas.



Para o traslado das posibles deficiencias, consultas ou incidencias sobre obras ou outras cuestións nos diferentes Camiños, a ATG puxo a disposición cidadá o correo "conservacioncamino@xunta.gal" no que se poden facer as consultas que se consideren oportunas.

Dende a ATG estase a traballar de forma continua dende ai moitos anos para a mellora e conservación dos Camiños de Santiago, especialmente nos anos nos que a afluencia de peregrinos prevese maior como e o caso dos anos xacobeos. Neste espírito de mellora e colaboración cos concellos, dende a ATG procederase a consultar o estado da obra e facer as accións necesarias para solucionar as deficiencias da mesma se as houbera".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/03/2022 12:29:34



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 29049**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **"as previsións de Augas de Galicia respecto da tramitación do expediente de modificación da concesión dunha nova captación de auga no concello de Noia"**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de febreiro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola directora de Augas de Galicia en resposta á pregunta oral en Comisión número 29047, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 24 de marzo de 2022, á que nos remitimos.

Na súa intervención, a directora de Augas de Galicia salientou, entre outras cuestións, que a Xunta, tras impulsar o procedemento conforme ao disposto na normativa, prevé emitir en abril a resolución da concesión ao Concello de Noia dunha nova captación de auga no río Vilacoba.

A resposta completa da directora de Augas de Galicia pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=YzQ2OGI3MGQtYmE5Ni00YTdhLWFlZTUzMzk3M2E4Y2EwYWw&start=10563](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YzQ2OGI3MGQtYmE5Ni00YTdhLWFlZTUzMzk3M2E4Y2EwYWw&start=10563)

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=YzQ2OGI3MGQtYmE5Ni00YTdhLWFlZTUzMzk3M2E4Y2EwYWw&start=11427](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YzQ2OGI3MGQtYmE5Ni00YTdhLWFlZTUzMzk3M2E4Y2EwYWw&start=11427)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/03/2022 12:34:07  
**Nº Rexistro: 33104**  
Data envío: 29/03/2022 12:34:07.032

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/03/2022 12:34:04**

CSV: BOPGDSPG-9CeT8sCcb-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 30468** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as necesidades de resolver os problemas de asolagamentos do casco urbano de Sada na Coruña"**, (publicada no BOPG número 283 do 25 de febreiro de 2022) ,teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"Non hai parálise na acción do Goberno galego posto que asinou un convenio de colaboración co Concello de Sada para actuar no treito final do río Maior e evitar inundacións no núcleo urbano, que recolle un investimento conxunto de 1,57 millóns de euros.

A previsión actual é dispoñer da versión inicial do Proxecto Construtivo no verán deste ano. Cando se dispoña dese proxecto, será supervisado e aprobado por Augas de Galicia e despois remitirase á Administración local para que o someta ao trámite de información pública e o aprobe en Pleno.

Superados estes trámites, a Xunta, a través de Augas de Galicia, estará en disposición de licitar o concurso público para adxudicar a execución das obras".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/03/2022 12:33:53





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 31001** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **“ as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para retomar a xestión pública directa do centro de menores de Montealegre en Ourense”**, (publicada no BOPG número 287 do 3 de marzo de 2022) ,teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A rede de centros de protección de nenos, nenas e adolescentes non é un eido que poida describirse como privatizado, xa que a potestade que executan estes centros é pública sen que exista esta prestación de servizo no eido privado, e polo tanto o que se realiza neste caso é unha contratación pública para a xestión deste centro público por parte dunha entidade do terceiro sector.

Respecto do centro Montealegre, dependente da Consellería de Política Social, cómpre aclarar que este centro -ao contrario do que se indica na pregunta- non foi reaberto en 2018 como continuidade do anterior recurso alí existente. Ese ano comezou a funcionar nenas instalacións un centro específico para menores con trastornos de conduta e necesidades de atención terapéutica, e non un centro ordinario de protección, que era a tipoloxía que tiña antes este recurso.

Este cambio permitiu dar resposta ás necesidades de acollemento residencial que dese resposta á realidade actual dos perfís dos menores necesitados dunha protección específica e que non poden residir nunha casa de familia ou nun dos recursos de acollemento residencial que xa existen no sistema de protección, se non que requiren dun recurso máis específico que lles proporcione unha atención no eido terapéutico ou que axude no tratamento, intervención e mellora dos trastornos de conduta que presentan estes menores.

CSV: BOPGDSPG-9CeT8sCob-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En canto á súa xestión, como xa se indicou é realizada por una entidade especializada do terceiro sector, do mesmo xeito que sucede no resto de administracións autonómicas que ostentan as competencias no ámbito da protección da infancia.

Obviamente, é tamén a mesma fórmula de xestión que utilizan outras administracións públicas -algunhas delas xestionadas pola organización política que formula esta pregunta- no eido dos servizos sociais.

De feito, todos os centros do sistema de protección da infancia -con independencia da súa fórmula de xestión- proporcionan unha atención integral baseada nas seguintes prestacións: mantenza, apoio psicosocial e educativo, con particular atención á promoción da igualdade e á eliminación das discriminacións entre os mozos e mozas, seguimento escolar, promoción da saúde, animación planificada do tempo libre, formación nas habilidades sociais básicas e colaboración, apoio e orientación ás familias dos menores.

Neste sentido, os menores residentes en calquera centro de protección realizan unha vida normalizada coa asistencia a actividades lúdicas e de ocio e aos centros escolares. Os centros de protección non son centros educativos nin de educación especial, e durante a súa permanencia neles, os menores dispoñen de todos os dereitos que lle recoñece o ordenamento xurídico.

En canto á contratación á que se refire a pregunta, a Consellería de Política Social iniciou no mes de xaneiro de 2022 a nova contratación do servizo de xestión e dirección do centro, que entrará en servizo unha vez que expire a contratación actual no mes de xullo de 2022. Tal como se indica na pregunta de xeito erróneo, esta contratación non foi "tombada" por ningún órgano alleo á Xunta, senón que foi a propia Xunta de Galicia a que detectou un erro nos pregos de contratación. Ese erro foi detectado só 48 horas despois de publicarse na Plataforma de Contratación da Xunta de Galicia.

Unha vez subsanado ese erro, a Consellería de Política Social desistiu da contratación e iniciou un novo procedemento de contratación. En todo caso, esta circunstancia non tivo ningunha afectación na prestación do servizo, nin no funcionamento do centro, nin supuxo ningún trastorno para as entidades interesadas en participar no procedemento,





dado que -como xa se ten indicado- foi detectado na fase inicial do propio procedemento.

Ademais, nesta nova contratación o centro Montealegre ofrecerá un total de 34 prazas de ámbito residencial, e non 24 como se indica na pregunta, ademais doutras melloras que redundarán nun incremento da calidade na prestación deste servizo nun centro que é referencia na Comunidade Autónoma de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/03/2022 12:33:46  
**Nº Rexistro: 33102**  
Data envío: 29/03/2022 12:33:46.189

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/03/2022 12:33:38**

CSV: BOPGDSPG-9CeT8sCcb-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 31019** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o compromiso por parte da Xunta de Galicia para que o centro terapéutico ocupacional de Ourense sexa exclusivamente de xestión pública e directa e as razóns da demora na súa construción”**, (publicada no BOPG número 287 do 3 de marzo de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Tal e como informou a Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Política Social, a unha resposta oral (Rex. 31018) do grupo parlamentario BNG en comisión terceira o pasado día 18 de marzo do 2022, esta Consellería xa se comprometeu a que o CAPD de Ourense fose un centro público.

Indicou que non se estivo alongando ningún prazo na construción de dito inmobile e sempre se actuou con transparencia, dando razón dos verdadeiros motivos e actuacións que se foron sucedendo ata o día de hoxe.

Cando o Concello de Ourense asinou o convenio de cesión da parcela para construír o centro, a Xunta de Galicia realizou os trámites administrativos correspondentes para inscribir a finca no rexistro da propiedade e no inventario de patrimonio da Administración autonómica. Posteriormente iniciouse un procedemento para, a través dun concurso de ideas, seleccionar o deseño do edificio.

